



**MAGYAR POSTA**

*Paulo Kaseiro Ramos*

---



Magyar Posta



Todo comezou cunha páxina do desaparecido xornal A Noite do día 15 de agosto de 1973. Sempre gostei de remexer nas casas deshabitadas, e a da tía Xulia, un andar dun vello edificio de fachada modernista na parte antiga da cidade, estaba chea de fetiches de toda clase, reflexo de toda unha vida. A tía falecera case un ano antes e eu, único herdeiro, non tivera tempo ata entón para achegarme a botar unha ollada. Unha tarde de sábado que se presentaba longa e aburrida foi, por fin, o momento de decidirme. Acompañábame Susana, que aceptou de boa gana. Só coñecía a casa por fora e tratara de convencerme moitas veces de irmonos vivir alí. Aquel andar de teitos altos, cornixas e balconadas de ferro, aínda sen coñecelo, supoñía para ela un reto:

-¿imaxinas? Seguro que ten moitísimas posibilidades para decoralo con estilo. Ademais, estamos a pagar un alugueiro carísimo por un pequeno apartamento nas aforas.

Para min a casa da tía Xulia era, sobre todo, a morada de moitos recordos de infancia, de tardes pasadas na habitación onde tiña o obradoiro de costureira mentres as clientas entraban e saían, falaban, comprobaban o longo das saias e a feitura das mangas. Ollando cara o espello que presidía a estancia, que a min de neno parecíame xigantesco e agora semellaba



diminuído, lembrei o día que sentín por vez primeira que xa non era un neno. A tía mandárame xogar ao corredor cando unha clienta se ía espir para probar un vestido.

-Mira, neniño, agora xa vas un mocete feito e é mellor que non andes por aquí; e se tes que vir a algo chamas antes á porta, ¿de acordo, meu ceo?

-Si, tía.

Comprendín perfectamente, aínda que levei un pequeno desgusto: gustábame xogar cos recortes de tea que enchían a estancia, debuxar coas cabezas dos alfinetes os acericos multicolores; tamén comezaba a ollar furtivamente para as mozas que viñan probar, e creo que a tía Xulia se decatou. Susana descubría toda clase de posibilidades.

-Esta cadeira é preciosa, só precisa unha man de verniz, ou mellor aínda, lacada en cor crema, ¿non che parece?

-Ti mesma, cariño.

-As portas son preciosas, ¿de que madeira están feitas?

-Son de piñeiro vermello creo.

Estar naquela casa baleira, sen sentir a presenza da tía Xulia, producíame unha estraña sensación. Unha morea de carpetas de cor azul, apiadas nun andel, gardaban centos de patróns para roupa feminina. Collín unha calquera e abrín, despregando os pregos de papel sobre a enorme mesa onde antes se pasaban ó lenzo con áxiles trazos azuis. Chamoume a

atención unha folla de periódico mesturada coas mangas, costas e dianteiras. A tía Xulia era unha persoa ordenada ata a obsesión, e non me cadraaba atopar aquel recorte de prensa entre os patróns.

### *A MORTE DO COÑECIDO EMPRESARIO TOMAS MÜELLER CONMOCIONA Á CIDADE.*

*Redacción.*

*O empresario coruñés de orixe alemán, Sr. Tomas Müller, faleceu na tarde de onte mentres era trasladado en ambulancia á Residencia Sanitaria da Seguridade Social, logo de recibir dous disparos mentres paseaba polos Cantóns. A causa da morte segundo os médicos, que nada puideron facer por salvar a súa vida, estivo na bala fatídica que, disparada a queimarroupa, penetrou na súa cabeza causando graves danos.*

*Alertadas as autoridades do suceso, forzas da Policía Armada, así como da Garda Urbana, iniciaron a busca do asasino, coa inestimable axuda das numerosas testemuñas que asistiron, aterrorizadas, á sanguenta escena. Inmediatamente foi localizada a arma homicida, que o criminal tentou agachar arroxándoa ao interior dunha papeleira situada preto do Obelisco. Media hora máis tarde, e tras unha eficaz persecución policial, o homicida puido ser arrestado á altura de Guísamo por forzas da Garda Civil, cando viaxaba a bordo dun automóbil Citroën modelo DS de cor*



*marrón, ao parecer con matrícula de Pontevedra. Segundo puido saber este reporteiro de fontes xeralmente ben informadas, na operación participaron efectivos de policía dos desprazados á Coruña con motivo da estancia do Caudillo na Cidade.*

*O criminal foi trasladado inmediatamente á comisaría de policía para ser interrogado. Segundo informou o Sr. Gobernador Civil da provincia, aínda non se coñecen os motivos de tan horrendo crime, se ben se puido establecer con precisión a identidade do autor. Trátase, ao parecer, dun cidadán francés aínda que de orixe húngara, de trinta e cinco anos de idade, chamado Pál Kemény, e que reside en Vigo dado que traballa como enxeñeiro na factoría Citroën. Acerca dos motivos que o puideron levar a atentar contra a vida do Sr. Müller, a policía non puido aínda formular ningunha hipótese, xa que non se coñece vinculación algunha entre o defunto e o agresor. O Sr. Gobernador informou, ademais, que a Súa Excelencia o Xefe do Estado foi puntualmente informado do suceso, debido á cordial relación que mantiña co finado Sr. Müller, e que sigue con gran interese os progresos da investigación.*

*Precisamente para avanzar o posible na mesma, esta mañá chegou á cidade un equipo especial do Ministerio da Gobernación, encabezado polo propio Sr. Ministro, a bordo dun aparato do Ministerio do Aire que tomou terra no aeroporto de Alvedro a primeira hora. Agárdase que nas*



*próximas horas se podan completar as pescudas, establecendo o móbil do crime e establecendo a acusación contra Pál Kemény.*

*A noticia do asasinato correu nas primeiras horas como un regueiro de pólvora por toda a cidade, onde o Sr. Müeller gozaba de merecida reputación. As forzas vivas manifestaron, sen excepción, a súa repulsa pola cruel morte dunha persoa tan apreciada. O Sr. Alcalde lembrou, nesta hora luctuosa, o seu acendrado coruñesismo e o seu apoio de sempre a cantas iniciativas contribuíron ao engrandecemento da cidade.*

*Informouse que o sepelio terá lugar mañá, venres, ás cinco da tarde no cemiterio de San Amaro. A misa de funeral polo seu eterno descanso, de carácter privado, celebrarase posteriormente na igrexa de San Francisco.*

#### *Un empresario emprendedor*

*O finado Don Tomás Müeller chegou a España en 1936 como voluntario para participar na nosa Guerra de Liberación. Combateu heroicamente en diversas fronteas, recibindo por elo as máis altas condecoracións. Establecido posteriormente na nosa cidade, destacou como emprendedor consignatario de buques e, logo, como armador. Era membro de varios consellos de administración, e posuía, ademais da empresa armadora do seu nome, varias fábricas de pensos para animais,*

*unha constructora e participacións en diversas compañías. Como alma da boa sociedade coruñesa, era vicepresidente da Asociación Provincial de Ex –Combatentes e directivo do Real Club Deportivo e do Náutico. Dada súa inquebrantable adhesión ao Movemento Nacional, así como a súa condición de empresario modelo, gozaba da simpatía do Caudillo, a quen acompañaba en ocasións nas xornadas de pesca a bordo do Azor.*

Seguín a buscar entre os patróns, a ver se atopaba máis recortes mesturados. Abrín varias carpetas sen resultado, e sorprendeume non atopar máis que aquela noticia. Eu tiña un vago recordo do asunto. A penas era un bebé cando sucedeu, pero os comentarios sobre o suceso andaron pola cidade algúns anos. Incluso pode que as miñas remotas lembranzas acerca do crime procederan das longas tardes de conversa no obradoiro de costura. Pero non comprendía por que a tía Xulia gardaba tan só aquel anaco da portada do xornal A Noite do quince de agosto de mil novecentos setenta e tres. Susana apareceu traendo unha lámpada.

-¿Viches algo semellante?

-¿Qué?

-A lámpada, Xelís, ¿fásmo caso?

Eu xa coñecía a lámpada, como non. No meu recordo era un traste vello arrombado no cuarto dos trastes, aquela estancia misteriosa, pero



agora reaparecía nas mans de Susana convertida nunha xoia modernista de vidro tallado.

-Si, certamente, é unha xoia.

-Xelís, ti dirás o que pensas, pero creo que podemos converter esta casa nunha marabilla.

-Creo que tes razón, Susana; veña, seguro que xa tes pensado o que imos facer.

Gardei o recorte no peto e pasamos o resto da tarde a proxectar as reformas do que había ser o noso fogar. Comezaba o que sería unha etapa intensa e feliz compartida con fontaneiros, electricistas, carpinteiros e decoradores.

A reforma da que volvía ser a miña casa permitíume remexer a fondo en todos e cada un dos recunchos. Non se trataba dunha busca morbosa, nin tampouco, como bromeaba Susana, pescudaba á procura de tesouro algún. Buscábame a min mesmo. Mellor dito, desexaba atopar algunha pista sobre a miña identidade. A solicitude dunha certificación de nacemento no rexistro civil da cidade para facerme o deeneí confirmoume, aos catorce anos, que o meu pasado me estaba agachado. Os apartados correspondentes a *fillo de... e de...* estaban riscados con breves trazos de tinta azul, patético vestixio dos meus proxenitores. Chamara a atención da empregada do rexistro,



-señorita, creo que isto está mal, olle.

-Agarde, por favor.

Volveu a abrir o enorme tomo correspondente ao mes de febreiro de mil novecentos setenta e tres e buscou a miña inscrición. Achegou o libro ao mostrador e sinaloume co dedo a inscrición orixinal.

-Non, rapaz, non hai erro ningún.

-¿E iso é normal?

-Non, non o é, ¿es adoptado?

-Non sei.

A funcionaria pechou o tomo á presa, como se se decatase de que algo non estaba ben.

-Síntoo, tes que preguntarlle a alguén da túa familia; aquí non temos máis información.

Anos despois Helena, unha amiga avogada, tampouco atopou explicación.

-Levas os apelidos da túa tía, pero ela non tiña irmáns; inscribíronte cos seus apelidos, pero non figura como túa nai. Se foses adoptado constaría na inscrición o nome dos pais adoptivos. Non sei, fillo, isto é un galimatías.

A tía Xulia gardou o segredo ata o fin. A pesares dos meus repetidos intentos de averiguar algunha cousa, sempre mantivo unha actitude

hermética. O máis que chegaba a dicirme, cando eu insistía tratando de conmovela, tía, por favor, polo que máis queiras, era case outro enigma:

-Xelís, neniño, eu nunca souben quen eran teus pais, como queres que cho diga.

-Pero tía, ¿como pode ser? ¿é que aparecín un día pola porta, simplemente?

-Case, fillo, case.

-¡Pero, tía!

-Non insistas, neno, por favor. Non me fagas sufrir.

Sempre pensei que ao final dobraría, e que no seu leito de morte me revelaría algún terrible segredo sobre a miña orixe. Pero a vida dá moitas voltas, como ela dicía, e souben da súa morte por un telegrama na feira do libro de Frankfurt, onde o meu editor montara un pavillón coa esperanza de vender dereitos de traducción a outras linguas. Sentín que o meu momento de gloria me furtaba unha parte de min, que perdía a derradeira oportunidade de descubrirme.

Por iso, dediquei boa parte do tempo que duraron as reformas a tratar de atopar algunha pegada, algunha intuición, algo... Pero foi en van. A tía Xulia era, ben o sabía, unha persoa extremadamente ordenada. Todo estaba onde se agardaba, onde debía estar. Na gabeta das fotos, onde sempre estiveran os tres ou catro álbums que gardaban as imaxes da miña infancia,



e unha presíña de fotografías da tía, atopei os escasos documentos que custodiaba: as escrituras das poucas fincas que posuía na súa terra, en Cospeito, herdadas de seus pais, recibos da luz, auga e teléfono, da contribución rústica e urbana, a factura da substitución do ascensor, realizada tres anos antes da súa morte, e a escritura de compravenda do propio piso. Sentín curiosidade e púxenme a ler aquelas follas timbradas.

*Na Coruña, a miña residencia, a vinteito de febreiro de mil novecentos setenta e tres. Comparecen. Por unha banda, Don Tomás Müeller, de profesión industrial, veciño da cidade, casado con Dona Sofía Müeller, de profesión as súas labores. Por outra banda, Dona Xulia Alvariño Ledo, solteira, de profesión costureira, veciña da cidade. Teñen, ao meu xuízo, a capacidade suficiente para obrar e a tal fin, conveñen. Que Don Tomás Müeller é propietario do terceiro andar do número 7 da Rúa dos Heroes da Falanxe, na cidade da Coruña, que por este acto vende, libre de cargas, a Dona Xulia Alvariño Ledo, na cantidade de trinta e sete mil pesetas, que entrega ao vendedor, ante min, neste mesmo acto.*

Vaia casualidade. Á fin comprendín por que gardou a tía Xulia o recorte de prensa. Ela coñecía ao tal Müeller, pois mercaralle a casa a penas uns meses antes da súa morte. O vinteito de febreiro de mil novecentos setenta e tres, xusto vinte días despois de nacer eu. Cavilei longamente na



coincidencia, pero non atopei unha relación razoable entre ambos feitos. Creo que a tía xa vivía alí antes desa data e se cadra, por fin puidera xuntar o diñeiro suficiente para facerse propietaria. Que o fixese xusto naquel momento podería deberse quizais a que, xunto cun neno de días, recibise algún tipo de compensación. Pero, ¿de quen?

-Temos un problema. -O fontaneiro irrompeu no salón mentres pechaba a gabeta das fotos, devolvéndome á realidade.

-Vostede dirá.

-Mire, os tubos son de ferro en toda a casa, e están enferruxados, vexa. -Mostrábame, efectivamente, un anaco de tubo gravemente afectado pola ferruxe. -¿Ve? Só con tocalos un pouco desfanse completamente; así non hai maneira de empalmar.

-¿Entón?

-Só vexo unha solución: cambiar todo.

- ¡Que lle imos facer! -Ao final, *todo* foron os tubos de auga e calefacción, a instalación eléctrica, a caldeira, case todos os pavimentos, as ferraxes de portas e fiestras. Sen contar co arranxo das balconadas de ferro que, se ben dende fora presentaban un aspecto magnífico, un primeiro exame detallado revelou que ameazaban con desprenderse e caer á rúa, coa conseguinte probabilidade de causar unha desgracia. Un enorme guindastre, o previo e preceptivo permiso municipal, a rúa cortada un día

enteiro e unha delicada operación de desmontaxe e traslado a un obradoiro de ferrería, amén dunha pila de cartos e a seguridade de ter que repetir todo o feito para volvelos a colocar no seu lugar unha vez reparados.

As obras comezaban a ameazar seriamente a miña economía, e pensei que debía aceptar a oferta da editorial para escribir un par de novelas para público xuvenil, desas que, convertidas en obras de lectura obrigatoria nos institutos, sosteñen a duras penas a produción editorial. Confeso que son un preguiceiro para o meu oficio. Mellor dito, a preguiza asáltame e acompañame na fase inicial do proxecto: a busca dun argumento. Aínda que, unha vez teño enleado un esquema coherente, o proceso de escribir lévoa a unha velocidade de vertixe, a procura dun argumento que me satisfaga é un tormento que me consome, que anula completamente a miña capacidade creativa. Por iso, déixoo sempre para un mellor momento que nunca chega. Mañá, dígame. E maña volvo a dicir maña. E pasado. É certo que teño publicado algún material relativamente bo, mais sempre despois dunha xénese demoledora. Eu chámolle a iso *parir* a novela. Alguén me dixo en algunha ocasión que debía procurarme un ambiente propicio que me relaxara, apartar as preocupacións. Un balneario e a cela dun mosteiro convertido en hospedaría foron testemuñas dos meus intentos na procura do *ambiente* e a *relaxación*. No balneario coñecín a Susana que, non sei se o dixeran, traballa nunha empresa consignataria de buques. Ela estaba a seguir



un tratamento anti-estrés. O resultado foi un frechazo dos que fan historia e varias ideas máis axeitadas para novelas rosa de peto que para outra cousa. Do mosteiro só saquei as vistas. Realmente espectaculares. Pillar o coche e saír a vagar sen rumbo era outra das estratexias. Sen ser decididamente eficaz, dábame oportunidade para unha rápida chuvía de ideas da que ás veces saía algún fio aproveitable. En aquel momento, ademais, precisaba afastarme por unhas horas daquela selva de monos azuis, sopretes e taladros.

Así que, estrada adiante, á altura de Guísamo decateime de que xa esquecera o motivo da viaxe. Nada de argumentos. Ía pensando no crime do xornal, unha historia curiosa. Ademais, a coincidencia da ser a vítima quen lle vendeu o piso á miña tía. ¿Cal sería o móbil do criminal? ¿E que sería del? ¿Por que non?, velaí a historia que precisaba para enguedellar unha historia, aínda que, quizais, fose demasiado coñecida. Pero, non, decididamente. Ademais, non se trataba de escribir sobre os feitos, tal cal, senón basearse neles para novelalos, aderezándoos. Se probablemente era unha historia ben vulgar, que precisaría de moito adobío. O camiión de adiante, un deses do peixe, ía soltando auga que barruzaba o morro do meu coche, aínda que non lle fixen moito caso. ¿E onde ía atopar a información precisa? Porque a narración do xornal, como base, non era moito. Tomei o desvío cara a Betanzos e detívenme no centro da cidade. Un paseo pola

praza dos irmáns García Naveira e un cigarro ían aflorando a excitación que se adona de min nun *in crescendo* cando tropezo cun argumento. Os benefactores betanceiros seguían ao seu, enriba do desmesurado pedestal, sinalando quen sabe que. Urxía saber algo máis acerca do tal Tomas Müeller, do enxeñeiro húngaro que o mandou criar malvas, de que raios pintaba o ministro da gobernación á fronte dunha equipa especial de policía capitalinos. No fondo, probablemente había cousas de moito interese. Busquei na memoria do teléfono móbil o número de Susana.

-¿Susana? Son eu. Quedaremos ás doce para ver o tema dos baños, ¿non? Si, pois non podo ir. Xa che contarei. ¿Vémonos ás tres? ¿A comer? De acordo. Un biquiño. Eu tamén a ti. Eu máis aínda.

Á hora na que debíamos estar escollendo as pezas do baño, as microfichas da colección de A Noite pasaban polo aparello lector da hemeroteca na procura do mes de agosto. Atopei a mesma portada que desencadeara aquela busca. O xornal do día seguinte, dezaseis de agosto de mil novecentos setenta e tres, contiña só unha breve nota:

### *SEPELIO DE DON TOMÁS MÜELLER*

*Redacción.*

*Na tarde de hoxe recibiron sepultura no panteón familiar do camposanto de San Amaro os restos do coñecido industrial Sr. Tomás*



*Müeller. Ao acto assistiron numerosas persoas, entre elas diversas autoridades encabezadas polos Sres. Ministros da Gobernación e de Industria, así como polo Sr. Gobernador Civil da Provincia, quen transmitiron á viúva, Sra. Sofía Müeller, as condolencias da Súa Excelencia o Xefe do Estado.*

*Acto seguido tivo lugar na igrexa de San Francisco o funeral pola alma do finado, reservado para os máis íntimos achegados, e oficiado polo Sr. Arcebispo de Santiago.*

*O Goberno Civil informou que, a día de hoxe, non hai novos datos que podan contribuír a aclarar o triste suceso.*

E nada máis. O despregue informativo da portada do día anterior converterase nun breve no interior do xornal. Curioso. O día dezasete, nada. Tampouco os días posteriores. As microfichas dos matutinos que pola época se editaban na cidade seguían a mesma tónica: noticia sensacional o primeiro día, breve reseña do enterro o segundo, e nada de nada despois. Avancei na colección de A Noite todo o que puider, ata decembro de mil novecentos setenta e tres, sen o menor resultado. Sen dúbida resultaba moi estraño, pero a falta doutras fontes de información, probablemente remataba alí a miña pescuda. De todas formas, ao

decatarme de que quedara con Susana ás tres, e eran menos vintecinco, solicitei copia impresa das microfichas do día dezaseis e saín correndo.

Susana agardaba por min nun restaurante próximo ao seu traballo, pois ás catro debía verse cun cliente moi importante.

-Cóntame.

-¿O que?

-¿En que andas?, díxéchesme que xa me contarías.

-¡Ah! Nada importante. Crin que tiña un fio argumental para unha novela, e pasei a mañá na hemeroteca, pero nada.

Pasamos o xantar falando de obras, de iluminación directa e indirecta, luces frías e cálidas, papeis pintados, estarcidos, baldosas e tarima flotante.

-¿Que vas facer pola tarde?

-Non sei, posiblemente a pase no piso, non sei que problema tiña o fontaneiro e, a verdade, pola mañá deixeiño colgado.

Susana tirou por un papel que asomaba da carpeta marrón pousada nunha das cadeiras que, ao ser unha mesa de catro, non utilizabamos.

-¿Tomás Müller?

-Si, por aí comezaba o novelo: seica era un coñecido empresario que foi asasinado nos Cantóns en 1973. Pareceume un caso curioso.

-¿E...?



-Nada, non hai moito material.

-¿Sabes que un tal Müeller foi socio de meu pai, fai anos? -Susana abría unha porta que me devolvía o interese.

-Cóntame.

-Só sei iso, que meu pai estivo asociado a un tal Müeller.

-¿Nada máis?

-Se queres saber algo máis, será mellor que fales con papá. -Susana ergueuse e pillou o bolso. Eran case as catro. -Se queres, imos xantar o domingo á casa de meus pais e pregúntaslle o que queiras. -Bicoume e saíu á presa. -Ciao.

¿Como explicalo? Facía case un ano que Susana e máis eu nos coñeciamos. Xa dixeran que foi un frechazo deses explosivos. Á volta daquela inesquecible fin de semana no balneario de Caldas da Rainha tardamos menos dun mes en tomar a decisión de vivir xuntos. Pero eu aínda non coñecía aos seus pais. En realidade, só sabía que Susana pertencía a unha vella familia coruñesa, de moitos negocios. Ela estudiara varios idiomas e un máster de comercio exterior nos Estados Unidos, e agora traballaba nunha das empresas familiares. Viviamos tan intensamente a nosa relación que ata aquel momento non transcendera máis alá de nós mesmos. Ademais, no tocante á familia, eu non tiña ninguén. Susana facía algunha referencia, Meu pai sempre pensou..., Meu irmán Dani ten un

igual... Pero nunca afondáramos no tema. Eu imaxinaba aos pais de Susana como xente seria e estirada, da *boa sociedade*. Se cadra incluso non verían con bos ollos que a súa filla vivira cun escritor máis ben mediocre. Por riba, un escritor en galego. Mentres camiñaba cara o centro ía pensando como diaños podería abordar o tema. O escritorciño que se deita coa súa filla pregúntalle ao vello empresario por un antigo socio que morreu asasinado, só porque viu a noticia nun recorte de periódico que atopou na casa dunha tía —o escritorciño non ten pais, e foi criado por unha tía costureira que, probablemente, nin sequera era tía- e pensa que quizais teña materia para unha noveliña de escasa tirada. Vaia papeleta. Ben, tería que discutir con Susana unha estratexia algo máis sutil.



## II

-¡Valente fillo de puta o tal Müeller!

O poboado bigote cano de Pepe era protagonista exclusivo da súa cara vermella, e medio escondía a risa franca que acompañaba aquel comentario. Estabamos sentados nun amplo salón decorado con estilo, con senllas copas de coñac na man e as cousas estaban a saír moito mellor do que imaxinaba. A noite despois de que Susana me dixera o de vir xantar na casa dos pais, tentei que me guiase de algún xeito para non meter a pata.

-Non te preocupes, papá non come a ninguén.

-Xa pero, non sei, se cadra non lle caio ben.

-Por favor, cariño, non digas bobadas; anda, ben aquí e dáme un bico, meu escritorciño favorito. -E así foi. Se ben o enorme andar que habitaban os pais de Susana nun moderno edificio era paradigma de vida burguesa, serventa uniformada incluída, sorprendeume a familiaridade coa que me recibiron.

-Así que por fin nos presentas a Xelís, é un pracer. ¿Sabes, gustoume moito un conto teu que merquei na feira do libro, umm, ¿*As Amazonas*?

-Si, ¿leuno?

-Claro, xa che digo que me encantou. -Carme, a nai de Susana, resultou ser unha admiradora, e incluso tiven que dedicarlle o exemplar que

me puxo de contado nas mans. *A Carme, marabillosa lectora, con agarimo. Xelís.* A verdade, o primeiro que se me ocorreu. Carme era unha muller fascinante. Alta, delgada, conservaba unha boa figura e o que os pedantes chaman elegancia natural. Demostraba, aínda que sen darse importancia, unha ampla cultura, e ao longo da conversa descubrín a súa amizade con moitas personalidades da nosa literatura, artistas, políticos... Incluso me prometeu presentarme a un importante axente. Pepe, o marido, era un home franco. Baixo unha aparencia severa agachaba unha extraordinaria proximidade e un bo sentido do humor. Así que axiña me sentín cómodo e se esvaíron os meus temores. Como é lóxico, quixeron saber cousas sobre min, pero non era a típica curiosidade dos pais acerca do novo noivo da filla. Despois do café, Pepe convidoume a tomar unha copa e sentamos en dous sofás de pel a carón dunha ampla fiestra.

-Susana contoume que andabas a buscar información sobre Müeller.

-Así é.

-¡Valente fillo de puta o tal Müeller! Chegou á cidade durante a posguerra, creo que en torno ao corenta e cinco ou o corenta e seis. Era armador dun par de vellos mercantes daqueles confiscados durante a guerra civil para transporte de tropas. Xa debía estar moi ben relacionado, pois apañou fretamentos de empresas do estado e empezou a medrar. En poucos anos converteuse nun dos máis importantes armadores do país, sempre con



contratos públicos polo medio. Parece que era camisa vella da Falanxe. Non sei. Polos anos sesenta xa era accionista de moitas empresas da cidade, e sentaba en varios consellos de administración. Naquela época, como xa saberás, certas cousas eran, por así dicir, tabú. Pois ben, rumoreábase que detrás del estaba alguén máis importante, un primeiro espada do réxime. Algúns pensaban que era testaferro do propio Franco. Dende logo, tiña moita relación co Caudillo, e algún ministro case se cadraba na súa presenza. O caso é que, se unha empresa quería un trato de favor por parte dos ministerios, case era obrigado ofrecerlle unha participación a Müeller. Esa precisamente foi a relación que eu tiven con el. Cara o ano sesenta e oito montamos unha importadora de maquinaria de obras públicas e démoslle entrada cunha participación pequena, non sei se dun dez ou un doce por cento. A verdade é que el era o que solucionaba todos os atrancos. Cando morreu, o tema económico xa estaba un pouco máis liberalizado, e xa non era tan imprescindible.

-¿E o do asasinato, como foi aquilo?

-Un misterio, rapaz. Un día chegou un francés, pegoulle dous tiros e nunca máis se soubo do conto.

-¿Francés?, segundo teño entendido o criminal era húngaro.

-Pois xa sabes algo máis. Ao principio montouse un balbordo de moitas narices. Viñeron policías de Madrid. Pero foise calando todo e o

asunto quedou en nada. Cando mataron a Carrero, en decembro do setenta e tres, xa ninguén se lembraba de Müeller.

-¿E o asasino? ¿Foi xulgado?

-Non teño nin idea, xa che digo.

-Estaba casado, ¿non?

-Si. A muller era bastante rara. Creo que austríaca. Falábase de que se coñeceran en Barcelona e casaran alí. Chegou aquí polo mil novecentos sesenta, e era uns vinte anos máis nova ca el. Nunca participou na vida social da cidade, e viaxaba constantemente. Unha muller fermosísima, de certo. Unha verdadeira beleza.

-Chamábase Sofia, ¿verdade?

-Si, Sofia. Lémbroo porque, ao morrer el, Sofía Müeller apoderou a unha firma de avogados de Xenebra para liquidar todas as propiedades. Ela desapareceu para sempre. Nós mercamos algunhas fincas. -Susana e a nai entraban naquel momento. -Carme, ¿lembras a Sofía Müeller?

-Pouca cousa. Non se pode dicir que fora unha muller moi relacionada. O que si, era belísima. A penas falaba castelán, e non fixo demasiados esforzos por aprender.

Volvín a conversa cara o crime. -¿E non se especulou co motivo do asasinato?



-Müeller tiña demasiados inimigos. Calquera podería desexarlle un mal final. Deixara moitos cadáveres, figurados claro, na súa traxectoria. Era un mal bicho, trampulleiro. Se lle conviña traizoábate e quedaba tan tranquilo; como tiña onde agarrarse, facía o que lle viña en gaña. O raro foi que o asasino non era un delincuente común, segundo parece.

-Era un enxeñeiro da Citroën -terciei.

-Si, agora que o dis... Probablemente tiñan algunha conta pendente, quen sabe.

-O máis estraño, insistín, foi que se botase terra sobre o asunto tan axiña. ¿Non sería posible un móbil político?

-Tamén, quen sabe. O día do asasinato Franco estaba no Pazo de Meirás, e nos días seguintes non apareceu pola cidade. En todo caso, terías que preguntarllo ao que disparou.

-Pál Kemény, -dixen.

-¿Como dis?

-O que disparou chamábase Pál Kemény. Estiven pescudando na Internet, a ver se atopaba algunha cousa, e dei con varias referencias en páxinas web húngaras, pero desgraciadamente non entendín nada. Aínda que non creo que ningunha fale sobre o noso home. Polo que puiden comprobar, tanto o nome como o apelido son bastante correntes. -Carme puxo cara de sorpresa.

-¿Como dis que se chamaba o asasino?

-Pál Kemény.

De volta á casa, Susana irradiaba aires de triunfo. -¿Ves como non foi tan terrible?

-Si, os teus pais son unha xente encantadora; a verdade é que agardaba outra cousa. A túa nai é fascinante, mágoa non ter tempo a coñecela máis a fondo.

-Iso está nas túas mans, a ela tamén lle caes ben, e gústalle como escribes; ¿e que? ¿xa tes o teu argumento?

-O certo é que non coñezo case nada da historia orixinal, pero o material podería servir como punto de arranque, non sei. O único que se me ocorre é contar unha historia de corrupción dentro do réxime, en aquel momento debía ser algo habitual. O alemán é o cabeza de turco que fica só cando os mandamáis pregan velas e, ao final, acaban con el para botar terra enriba do asunto.

-¿E a muller?

-¿Sofía Müeller? O que a vexamos tan enigmática é unha boa axuda: arredor dela podo construír a típica historia de amor. Incluso podo convertela en amante de, por exemplo, un ministro, e prantarlle cornos a Müeller. A medida que ía construíndo este fío tamén me convencía de que era un desastre. Unha historia un tanto increíble, pero ao tempo bastante



vulgar; hai varios libros que teñen a corrupción tardofranquista como fondo. Ademais, non me parecía unha historia demasiado idónea para público xuvenil. Non, máis ben non. Susana insistía.

-¿E o asasino que? ¿como o ligas co demais?

-Xa verei, en todo caso, aínda teño moito traballo por diante. Xa sabes, documentarme, elaborar un esquema... E logo ver aínda se o material serve para algo. -Comezaba a poñerlle pegas ao asunto, en parte para arrefriar o entusiasmo de Susana e en parte para convencerme de que non pagaba a pena seguir insistindo. Alí non había nada semellante a unha boa historia.

Fuxir dun proxecto é doado. Abonda con pillar unha nova idea, aínda que traída polos pelos, e comezar a darlle voltas e máis voltas ata enguedellar unha trama que pareza coherente. E a iso me dediquei boa parte da noite. Como bos afeccionados ao cinema, con frecuencia viamos algún título na gran pantalla doméstica que mercamos xunto cun moderno equipo de son. Decidímonos por *Lawrence de Arabia*, conseguida un par de días antes en formato DVD. Ao odisea do tenente Lawrence nas áreas do deserto árabe si eran un modelo do que buscaba: aventura, épica, a complexidade dun heroe dificilmente explicable baixo un sinxelo esquema. Aquela si era unha historia válida para público xuvenil. Estaba claro que non me servía, pero era un exemplo. Tiña que escribir

sobre aventuras, sobre a acción que entusiasma á xente nova. Os rapaces e rapazas que coñecía nas presentacións dos meus libros que a editorial organizaba nos institutos respondían máis ben ao tópico. Así que, de corrupcións no tardofranquismo, nada.

Andaban os beduínos masacrando ás tropas turcas en Aqaba cando soou o teléfono.

-¿Si? Ola, mamá, dime... Si, está aquí... Pásocho. -Susana achegoume o auricular. -É mamá.

-¿A túa nai? ¿Si?

-Xelís, ola, desculpa que vos moleste a esta hora.

-Non, Carme, non é molestia ningunha.

-Estiven pensando que quizais che poda axudar algo máis no asunto ese dos Müeller. ¿Por que non pasas polo meu estudio mañá pola mañá?  
¿Tes algo que facer?

-Non, en principio...

-¿Ás once está ben?

-Si, si...

-Ben, pregúntalle a Susi o enderezo. Un biquiño.

Susana contoume que Carme tiña unha extraordinaria afección pola pintura, e o suficiente talento para expoñer con regularidade e vender obras a moi bos prezos. Un pequeno apartamento que conseguiran na liquidación



dos bens de Tomás e Sofía Müeller era o estudio onde botaba longas horas cos seus lenzos. Era deste xeito que a historia dos alemáns volvía á primeira liña dos meus pensamentos. Cando menos, ata coñecer as novas, o tema quedaba en suspenso, pendente de se o que Carme me ía contar podía impulsalo definitivamente ou, pola contra, me confirmaba que o único que podía facer era deixalo de lado para sempre. Susana recomendoume paciencia.

-Non penses máis, xa é tarde. Agora non vas chegar a ningures.

-Tes razón.

-Pois se teño razón, será mellor que deixemos a película para outro día... ¿non che apetece xogar un pouco? -A súa ollada pícara aclaroume a que tipo de xogo se refería, mentres apertaba o botón do mando a distancia e cortaba ao tenente Lawrence, quen sostíña unha animada conversa co Xeneral Allenby no club de oficiais británicos de El Cairo.

O apartamento de Carme estaba situado no último andar dunha das horrendas torres edificadas a principios dos anos setenta na parte nova da cidade. Posuía unhas maravillosas vistas sobre a baía e boa parte da urbe, e deseguida se comprendía a súa utilidade como refuxio dun artista. Carme ensinoume moitas das súas obras. Non entendo moito de pintura. A dicir

verdade, son bastante ignorante, pero gustáronme; especialmente un gran lenzo de intensos tons ocre.

-¿Tes o coche?

-Si.

-Pois lévao, regálocho.

-Pero, Carme... é demasiado.

-Non digas bobadas; ficará moi ben na vosa nova casa.

-Eu... moitas gracias, non sei que dicir.

-Nada, Xelís, pero quedas obrigado a regalarme un exemplar da novela cando saia.

-¿A novela?

-Por iso estás aquí, ¿non?

Si, certamente, por iso estaba alí, e Carme entrou en materia logo de preparar café.

-Pois, verás. Como xa che dixen, a penas tratei a Sofía Müller. Coido que ninguén na Coruña tivo trato con ela máis alá da simple cortesía. Ela viaxaba constantemente non sei a onde, e permanecía aquí só pequenos períodos, sen saír case nada da casa. Este apartamento era seu. Tíñase rumoreado moito acerca de posibles amantes, xa imaxinas. Aquela época era propicia para o rumor, e como se intuía que non formaban un matrimonio ben levado, a xente falaba do que non sabía. Sen embargo,



meses antes de que sucedera todo aquilo, polo ano setenta e dous, correu insistentemente o rumor de que matíña relacións cun mozo chamado David Carreras. El era catalán, tería vinte e catro ou vinte e cinco anos e por aquela época Sofía debía rondar os trinta. Chegara á Coruña pouco antes e traballaba nunha das empresas de Müeller, non sei cal. Era un mozo verdadeiramente atractivo, andaba sempre moi ben vestido e tiña modais exquisitos. As mozas da boa sociedade devecían por el ata que se dixo que se deitaba coa alemana. A reputación dela empeorou a ollos dos ben pensantes, e durante un tempo foron a comidiña na cidade. Ata que un día apareceu un cadáver nas rochas, preto da Torre de Hércules, que resultou ser o mozo Carreras. De novo as malas linguas tiveron pólvora para disparar, e chegou a falarse dunha vinganza por parte do marido agraviado. O certo é que todo se agachou, como era costume, e Sofía desapareceu para sempre. Ben, agora que o penso, creo que volveu para o enterro do marido, só un día ou dous, e logo volveu a desaparecer. Como sabes, foi unha firma austríaca de avogados a que lle liquidou todo.

-¿E vostede que pensa, Carme? ¿cre que eran amantes?

-Quen sabe. Se che digo a verdade, se tivese un marido como Tomás Müeller eu tamén me buscaría a vida. Era un tipo brutal, mal encarado, groseiro. Nunca comprendín como unha muller tan atractiva puido casar cun home como el. Ademais, había unha considerable diferenza de idade

entre eles. Pero iso debe ser outra historia. Cando mercamos o apartamento tiven a lóxica curiosidade e pasei un par de tardes tratando de atopar algún rastro de Sofía. Ninguén se preocupara de recoller cousa algunha e a nós entregáronnolo tal cal ela o deixara. É moi posible que probablemente fose unicamente un niño de amor, xa que non atopei ningún obxecto persoal. Nin sequera había utensilios de cociña, máis alá de algúns vasos. Só atopei isto... -Carme ergueuse e abriu a gabeta dun elegante escritorio manchado de pinturas. Sacou un fardo de papeis atados cun lazo azul e achegoumo. -Adiante, podes abrilo. -Tirei dun extremo do lazo. Era un paquete de cartas cos seus sobres, de mal papel amarelecido polo paso do tempo. Lin o destinatario do primeiro sobre. *Zsófia Haraszty. Lycee Français de Vienne. Favoritenstr 98. Wien. Österreich.* Era o mesmo en todas, e ningunha levaba remite. Estaban escritas nunha pequena e apertada letra trazada en tinta azul clareada co transcorrer dos anos, nun idioma que non comprendín, aínda que me parecía que non era alemán. Fixeime nos selos que franqueaban os sobres: *Magyar Posta. ¿Hungría?*

-Ao mellor tes aquí suficiente material para a túa novela, -dixo Carme. Certamente, había, a ollo, unhas cincuenta ou sesenta cartas. Algunhas levaban unha sinatura ilexible, e outras remataban cun pequeno debuxo semellante a un corazón así que, loxicamente, debía tratarse de



cartas de amor; levaban data no encabezado, todas de mil novecentos cincuenta e seis.

-Carme, ¿podería fotocopialas?

-Como non. Lévaas. Gardeinas durante todo este tempo por se alguén as reclamaba, pero despois de tantos anos non creo que fagamos nada malo. Creo que están escritas en húngaro, así que se queres lelas vas ter que buscar quen as traduza.

-Moitísimas gracias, Carme. Sospeito que me abre as portas dunha boa historia.

-De nada, Xelís; agora vasmе permitir que aproveite a ocasión para cumprir co meu papel de nai. ¿Cómo vai a relación entre ti e Susi?

Non souben que dicir. Eu non tiña nin a máis remota idea do que Susana lle contara á súa nai, e decidín ser o máis xenérico posible.

-Ah, ben. Estamos moi namorados; en fin, o normal nestes casos, ¿non?

-¿E que plans de futuro tendes? -Carme incorporouse dende o fondo da cadeira, evidentemente interesada na resposta.

-¿De futuro? A verdade é que non falamos a penas sobre eso, non sei. Creo que iremos vendo.

-¿Pero ti, que pensas?

-¿Eu?

-Si, terás algún proxecto vital, ¿non?

Decidín ser franco: -Carme, non creo que estea ben falar sobre a nosa relación de costas a Susana; síntoo como unha traizón. Agardo que me comprendas. -Sorriu.

-Tes razón. Descúlpame, pero quero que me comprendas ti tamén.

Creo que logrei unha saída airosa e que, aos seus ollos, gañei puntos. Foi, como dicilo, unha especie de mostra de fidelidade, e Carme de seguro que o viu así.

Saín pensando que era urxente buscar alguén que falase húngaro para traducir as cartas. Pero, así de pronto, non se me ocorreu nada. Súpetamente, outra preocupación veu asaltarme, ¡hostia! Nin me decatei que era luns, e como moi tarde ás seis da tarde tiña que entregar a miña columna semanal no Ideal. Mirei o reloxo: a unha e media, ¡como pasa o tempo! ¿E agora sobre que escribo? Normalmente precisaba un par de días para darlle forma aos dous folios semanais. Como tampouco trataba temas de actualidade, tiña o costume de dedicar a mañá do domingo á tarefa, dado que non importaba a diferenza de dous días. Así que, rutineiramente, *falar de oído*, que así se chamaba a miña columna, ocupaba o meu centro de atención do venres ao domingo. Agora tiña a penas unhas horas para condensar o proceso, e ningún tema para poñerme a traballar. Cando un soña con ser escritor non sabe o difícil que é vivir diso, sobre todo cando



escribe nunha lingua minoritaria e as tiradas son pequenas, e para canto máis, nun país que le o xornal e pouco máis. Eu descubrino demasiado tarde, cando xa non tiña vagar para sacarlle partido á miña licenciatura en filoloxía galega por medio das consabidas oposicións a secundaria. Por fortuna, en canto comezas a asomar a cabeza polo *panorama literario*, non é difícil que che ofrezan algún prato de lentellas con aspecto de colaboracións, columnas periódicas, artigos para revistas, pregóns, conferencias e demais fanfarrias. Por entón facía tamén crítica literaria nunha revista de Madrid, baixo pseudónimo, e de cando en cando textos para unha axencia de publicidade. Pero acadar un nivel de traballo que che permita ir tirando ten a súa cara negativa: a ver de onde carallo sacas tempo para escribir de verdade. Por fortuna, a herdanza da tía Xulia viña a solucionar-me o tema da vivenda, a pesar do pico no que ían saír as reformas, e os seus pequenos aforros permitíran-me cambiar o transporte público por un pequeno utilitario. Non é estraño, pois, que ás veces as miñas visións de futuro fosen un tanto pesimistas. Agora comprenderase por que non encaixaba ben preguntas como *terás un proxecto de futuro, ¿non?* Non, señora, se non é ir tirando como poda. Vaia resposta. Susana non era allea ás miñas inquedanzas ao respecto. Ela si tiña máis ou menos un futuro prometedor, cunha boa formación, as aspiracións necesarias e a dose precisa de agresividade. Alén dun forte atractivo persoal, moi

importante para triunfar no mundo en que vivimos. Cando nos coñecemos o seu proxecto vital máis parecía planificación estratéxica. Tiña establecido o número de fillos –dous- a idade á que os pariría –entre os trinta e tres e os trinta e cinco- a idade á que se xubilaría –nunca despois dos sesenta- e outros ítems polo estilo. Creo que a convivencia cun desastre coma min lle contaxiou certa relatividade, e na altura xa non vivía os días como só como espazos na axenda. Primeiro, decatouse de que se namorara cando non tocaba. Na época do frechazo no balneario de Caldas da Rainha a súa prioridade era un plan de expansión da súa empresa mediante un importante contrato. Estaba completamente afanada e non foi difícil caer nunha crise de estrés. E de aí ao balneario. Despois, a convivencia cunha persoa sen horarios, sen método, sen certezas, con a penas unhas poucas regras vitais e o desexo de vivir o día a día, sen máis. Ningún dos dous sabía como entón a nosa relación marchaba tan ben, pero quizais sexa certo o de que os extremos se atraen. Calquera tópico serve.



### III

Atopei unha traductora húngara a través da embaixada maxiar en Madrid. Polo que lle entendín ao funcionario que me atendeu por teléfono, tratábase dunha filóloga casada co secretario da embaixada, e que facía as traducións habituais da legación. Contactei axiña con ela, tamén por teléfono. Chamábase Eliza Bárány e tiña unha fermosa voz. Creo que era a primeira vez na miña vida que falaba cunha húngara. Ben, o funcionario da embaixada tamén era húngaro. En todo caso, aquela mañá falei con dous húngaros e nunca antes tal fixera. Conteille que posuía algunhas cartas que desexaba traducir.

-¿Cartas comerciais?

-Non, máis ben persoais, creo. Verá, precisamente preciso traducilas porque non coñezo o seu contido, ¿comprende?

-Si, si, por suposto. ¿Están mecanografadas?

-Non, están escritas á man, ¿por que?

-Por nada, mentres a letra sexa lexible.

-Dígame, ¿levaralle moito tempo?

-Iso depende, uns poucos días; ¿de cantos folios está a falar?

Ocorréuseme entón que probablemente aquilo sairía bastante caro, e a señora Bárány confirmou os meus temores. En todo caso, podería facer

unha proba: enviaríalle unhas poucas cartas e, en función do seu contido, vería se pagaba a pena traducir o resto. Pensei que as últimas serían as máis interesantes, non sei ben por que, e fotocopiei as sete correspondentes ao período entre o vinte de outubro e o dez de novembro de mil novecentos cincuenta e seis.

Para entón a construción dunha ficción literaria era unha mera excusa. Tiña un interese case persoal en saber máis, creo que a iso lle chaman curiosidade innata. Ademais a presión da editorial puxérame a traballar nun texto na liña dos meus primeiros traballos, e tiña moi avanzada unha noveliña sobre adolescentes metidos a detectives. Transcorreran case tres meses dende que Carme me entregara as cartas, e decidira deixar o tema de lado en tanto non rematase o novo traballo e a reforma da casa. En canto a esta, Susana traballou arreo e colaborou economicamente. Foi un xesto significativo acerca do que agardaba para o noso futuro. Sen telo decidido, o andar herdado da tía Xulia era xa o noso fogar. Creo que á tía lle tería gustado o novo aspecto da súa casa. Podo describila como unha mestura perfecta de encanto antigo, revista de decoración e correcta funcionalidade. Consequimos unha boa convivencia de diversos estilos e estabamos cómodos. Ademais, servía perfectamente para convidar aos amigos e darlles envexa. Si señor, quedounos ben bonita. O antigo obradoiro, na parte máis soleada e, para min, máis entrañable,



converteuse nun acolledor estudio. Un moble baleiro de máquina de coser con pes de fundición convertido en mesa para o ordenador e o vello espello de corpo enteiro que ficou no seu sitio de sempre, lembraban o antigo uso da estancia. O lenzo de tons ocres que Carme me regalara presidiu o salón.

Ao albaroque convidamos a algúns amigos. Non os tiñamos comúns, así que a festa andou ao principio algo dividida, ata que a xente comezou a romper o xeo. En realidade non podíamos compartir demasiadas amizades xa que, se ben levabamos xuntos máis dun ano, Susana dedicaba case todas as súas horas á empresa e, o pouco tempo de lecer que procuraba reservar, moitas veces despois de que eu me cabrease e a alcumara como adicta ao traballo, procurabamos fuxir da cidade na procura de tranquilidade. Máis alá do tópico, o estrés facía mella en Susana mediante periódicas crises de ansiedade, etapas de vertixinosa hiperactividade e, ao final, apuntes depresivos durante os que se pechaba en si mesma. Por iso precisabamos saír da rutina e viaxar. Xa sei que non estaría de máis recorrer á axuda profesional, pero Susana negaba a maior e só admitía estar cansa. Compartín o problema en ocasións con Carme. Teño que dicir que, despois da primeira vez, seguí respondendo ás invitacións para tomar café e charlar no seu estudio, onde tamén acudía en ocasións xente bohemia da cidade, e tiñan lugar interesantes tertulias. Carme tamén comprendía que o

estrés estaba a causar estragos na saúde da filla, pero vía difícil loitar contra a súa ambición.

-É o veneno da familia, -dicía. Da familia de seu pai. Rematan amando o negocio por riba de todo, dedicándolle o mellor de si mesmos; só nos retos atopan o alento vital que precisan. Quizais por iso acaban xuntándose con xente coma ti e coma min.

-¿Por qué o dis, que temos de particular?

-Somos os contrarios, o equilibrio da balanza.

As traducións demoraron máis tempo do que eu pensaba. Nun principio crin que sería cousa de días, pero non foi ata dous meses e medio despois que o carteiro chamou ao porteiro automático cun paquete certificado. Contiña as fotocopias que eu remitira, unha presa de folios impresos coas traducións, e unha nota da traductora:

*D. Xelís Alvaríño*

*A Coruña*

*Estimado señor:*

*Teño o pracer de remitirille o traballo que me encargou. Dado que, como me explicou, vostede non coñece o contido das cartas, non quero adiantarlle acontecementos ata que poda ler as traducións. Pero debo dicirlle que, como húngara, sentín unha especial emoción, que vostede comprenderá, mentres realizaba o traballo. Se o desexa, unha vez coñeza*



*os textos, pode poñerse en contacto comigo e con moito gusto resolverei as dúbidas que poda ter.*

*Compráceme comunicarlle, así mesmo, que non lle cobrare polo meu traballo, pola razón antes exposta.*

*Reciba un afectuoso saúdo.*

*Eliza Bárány*

Si que tiñan que ser interesantes as cartas, para que a traductora se emocionase e, aínda por riba, non cobrase. Pillei o primeiro folio e fixen unha lectura rápida de algunhas palabras, pero penseino mellor e decidín agardar á noite para compartilas con Susana. Ou, mellor aínda, chamei a Carme para convidala a cear. Despois de todo, pertencíanlle a ela e seguro que sentía a mesma curiosidade. Logo marquei ao móbil de Susana.

-Son eu, cariño...

-¿Ah? Dime.

-Nada, chámote para dicirche que xa chegaron as traduccións, e convidei a túa nai a cear esta noite, así lémolas xuntos.

-¿As traduccións?

-As cartas húngaras...

-¡Ah!, está ben, ¿encárgaste da cea?

-Si, non te preocupes; un bico...

-Muá...

Deixei o sobre enriba da mesa do salón, e volvíñ sentarme diante do ordenador. Despois de todo, en aquel momento unha panda de adolescentes que descubren que a profe de música é un misterioso personaxe eran o meu centro de atención. Traballaba xa no último capítulo para poder entregar a obra á editorial e quitarme un peso de enriba, e aquela mañá, antes da chegada do carteiro, tiña sido moi productiva. Pero a interrupción postal desconcentroume e levoume a outro punto de atención, e non puíden seguir escribindo. Para evitar a tentación de ler as cartas que alguén lle enviaba a unha tal Zsófia Haraszty, antes de compartilas con Susana e Carme, saín da casa coa intención de dar un longo paseo pola cidade.

As dúas mulleres chegaron ás oito e media. Eu remataba de poñer a mesa mentres a pescada ao forno repousaba enriba da mesa.

-¿Xa as liches? -Carme era a máis impaciente por coñecer o contido das cartas. Non en van, permaneceran longos anos no seu poder.

-Non, para iso quedamos.

-¿E non sentiches curiosidade?

-Dende logo que si, pero faime ilusión que as leamos os tres xuntos.

Ceamos axiña. Ensineilles a nota de Eliza Bárány e comprobei como aumentaba a súa expectación. Por fin, pasamos ao estudio e saquei do sobre a presa de folios mecanografados.



Budapest, 20 de outubro de 1956

*Meu amor:*

*Esta noite soñei contigo e en soños volvemos a pasear en barca polo Danubio. Volvemos a vivir o noso verán, que xa é noso para sempre e nos acompañará para toda a eternidade. Janka dime que parezo un idiota, que ando todo o día nunha nube. ¡Que saberá Janka o que eu te amo! Daría o que fose por poderte ver tan só un segundo, e o dobre por poder abrazarte unha vez máis. Daría o mundo enteiro por un bico teu, Zsófia.*

*Fai tres días que recibín a túa carta do 25 de setembro. ¡Como está o correo! Non sei se ti tardarás o mesmo en recibir as miñas, quizais non, ao mellor en Austria o carteiro non martiriza aos namorados desta forma tan cruel. Aquí as cousas seguen como sempre, mal. Percíbese certo ambiente de nerviosismo despois do funeral de László Rajk. Non sei se chegaron aí as noticias, foi algo impresionante, había centos de milleiros de persoas. E hoxe chegaron noticias á Universidade de que os compañeiros de Szeged formaron unha organización independente. Aquí tamén se nota que algo está a pasar, a xente fala máis abertamente e non se agacha para criticar ao goberno. Tanto o goberno como o partido deben empezar a poñerse nerviosos. ¿Imaxinas que todo cambiase, e que por fin puideras volver a Hungría? Lászlo, un compañeiro da*

*Universidade, di que as cousas van cambiar axiña, que Imre Nagi volverá dentro de pouco ao goberno e retomará as reformas de 1953. Incluso os periódicos empezan a publicar algunhas críticas. Non sei o que vai pasar, pero si serve para terte aquí sempre, para estar xuntos todos os días, eu tamén aportarei o meu grao de area.*

*E, se non, fuxirei a Viena para estar contigo, Zsófia. Ámote.*

*Non deixes de escribirme, pois espero as túas cartas con ansiedade e son o único que me axuda a seguir adiante sen ti. Escríbeme, mándame un bico, dous bicos. Aí van os que eu che mando. Un longo bico.*

-¿Que vos parece? -Susana parecía algo decepcionada. Carme xa non desmulaba a impaciencia:

-Segue, Xelís, le outra máis.

*Budapest, 22 de outubro de 1956*

*Meu amor:*

*Aquí volve a ser primavera a pesar do frío. Non, non estou tolo. Hoxe houbo unha asemblea na Politécnica e confirmouse que os estudantes de Szeged formaron a Organización Unificada de Estudiantes Universitarios e de Institutos Superiores de Hungría (MEFESZ), e*



*declaráronse independentes da federación comunista. Foi unha bomba. Non imaxinas as aclamacións de todos os presentes. En aquel mesmo momento decidiuse por aclamación constituír a MEFESZ de Budapest. Tamén se falou da situación de Polonia. Algúns compañeiros ben informados confirmaron que Wladyslaw Gromulka gañou a batalla fronte á vella garda dos comunistas polacos. A multitude comezou a corear o nome de Imre Nagy, e algúns din que é o noso Gromulka e que ten que facerse cargo xa do goberno. Xamais vin algo semellante, aquilo era unha auténtica festa, respirábase a liberdade. Ao remate da asemblea redactouse un manifesto que vai causar sensación. Pedimos que se convoque inmediatamente o congreso do partido, o nomeamento de Nagy como xefe do goberno, ja retirada das tropas soviéticas do noso país!, a convocatoria de eleccións libres nun sistema pluripartidista, a independencia económica de Hungría e o restablecemento dos nosos símbolos nacionais. Estamos felices de vivir este momento e creo que empezamos a saír do túnel, de todos estes anos perdidos. Agora estou convencido de que haberá unha oportunidade para nós nun futuro que empeza hoxe.*

*Mañá vai haber unha manifestación na Praza Bem, ao pe da estatua do heroe e, xa verás, iremos todos os estudantes de Budapest, toda a nova enerxía que emerxe e pide paso.*

*Zsófia, escribeme, cóntame o que sentes. Necesito que me susurres ao oído un ámote como facías este verán. Cóntame como me botas de menos.*

*Un bico, moitos bicos.*

Volví a ler a nota de Eliza Bárány e empecei a comprender a emoción da que falaba. Estabamos a adentrarnos nunha vivencia de amor no medio dos terribles sucesos de Hungría en 1956. Intuíase nas dúas primeiras cartas o primeiro acto dunha traxedia con triste final, tan triste como o da propia revolución húngara. Axiña atei cabos. A Zsófia Haraszty, estudante en Viena e a quen ían destinadas as misivas ben podería ser a nosa Sofía Müller, convertida en tal mediante o seu casamento con Tomas Müller. Ademais o feixe de cartas estivera no seu poder ata que a conmoción do asasinato do seu marido a levou lonxe, deixándoo todo atrás. E aquel ilusionado mozo que vivía intensamente os sucesos previos á revolta... ¿ se cadra Pál Kemény?

*Budapest, 24 de outubro de 1956*

*Meu amor:*



*Non sei se o correo seguirá a funcionar por algún tempo, pero de todas formas seguirei a escribirche. Non sabes canto me gustaría que estiveras aquí, que tiveses oportunidade de vivir todo o que está a pasar. Onte foi un día histórico para o noso país. A MEFESZ convocou unha grande manifestación a carón da estatua de József Bem, e dende primeiras horas eramos unha multitude polas rúas da cidade, e non só estudantes. Creo que todos os cidadáns estaban con nós. O partido prohibiu a marcha e enviaron moita policía, pero creo que, vista a cantidade de xente que se ía reunindo, deron marcha atrás. O ambiente era cada vez máis intenso e pediamos a volta de Nagy, ¡eleccións libres!, ¡rusos a Moscova! e, por fin, ¡a independencia nacional! A emoción era indescribible. ¡O pobo húngaro en pé, pola democracia, pola independencia! Ninguén ía retirarse de alí. Formáronse grupos fronte ao Parlamento, fronte ao edificio da Radio, na Praza Bem. Eu marchei cunha morea de compañeiros cara a praza dos desfiles. Apedramos a estatua de Stalin con lastros que levantabamos do pavimento e alguén trouxo cordas e paos, e o tirano caeu no medio da alegría de todos. Non sei como describirche os nosos sentimentos, esa besta interior que foi acumulando odio e, de súpeto, libérase nunha catarse colectiva. E eu, o máis feliz de todos, porque sei que ti volverás a pasear comigo pola cidade libre. Sei que te amarei ata a fin dos nosos días nunha Hungría libre.*

*Polas nove da noite Nagy falounos diante do Parlamento. Pretendía que volvesemos ás nosas casas, dicía habería que ter calma para poder implantar de novo as reformas do 53. Pero a xente non lle fixo caso. Creo que todos sentimos que era hora de actuar, e non nos contentábamos coa promesa incerta de pequenos cambios. Sabiamos que se abandonabamos as rúas o aparello represivo do partido volvería a tomar o control da situación. Pouco despois do discurso de Nagy organizabamos grupos de defensa. Cando máis tensión se respiraba, chegaron noticias de que os axentes da AVH disparaban contra os concentrados diante da Radio e que había moitos mortos. Dende aquí xa non hai volta atrás, sabemos que o réxime non dará o brazo a torcer, e trátase deles ou nós; de seguir baixo a tiranía ou conquistar a democracia.*

*Pasei a noite cun grupo de compañeiros da facultade a buscar armas; berrabamos polas rúas e a xente baixaba aos portais con escopetas de caza, revólveres, fusís da guerra... Algúns soldados incluso distribuían metralladoras e bombas de man. Conseguimos gasolina e preparamos cócteles Molotov coas botellas dunha fábrica de cervexa. Esta mañá, cedo, entraron varias columnas de tanques e colocamos barricadas nos puntos clave. Os da Politécnica defendemos a praza Széna e destruímos varios tanques, detivemos o avance. Algúns soldados únense a nós, chorando coa*



*emoción. Agora aproveito un momento de calma para escribirche. Isto está en marcha e xa non haberá quen nos pare. Zsófia, ámote.*

*Pál*

Carme estaba fortemente impresionada. Tamén intuía un trágico final, pero non na efervescente Budapest de 1956 senón, máis próximo, na Coruña de 1973.

-Xelís -díxome-, creo que tes a túa historia, pero será mellor que sigades vós lendo e mañá cóntasme. Non son capaz de seguir escoitando.

-¿Mamá?

-Marcho, Susi. -Susana sorprendeuse, acompañou á nai ata a porta e volveu, intrigada. -¿Por que se poría así?

-Non sei, aínda que, despois de todo, ela coñeceu a Sofia Müeller. Quizais máis do que nos conta. Por favor, sírvenme outra copa de viño.

*Budapest, 26 de outubro de 1956*

*Meu amor:*

*A policía disparou onte contra xente desarmada diante do Parlamento. Son os últimos coletazos dos tiranos, pois xa non contan co exército, que se une a nós. Estanse a formar comités revolucionarios para substituír ás autoridades do partido, e por todas partes caen as estrelas*

*vermellas, os símbolos do vello réxime. Nós integrámonos cos restos dun batallón de infantaría que comanda un xoven tenente chamado Tildy. A radio transmitiu a noticia da dimisión de Ernö Gerö, e parece que axiña haberá un novo goberno. Pero deberán asumir o que está a suceder nas rúas de todo o país. A revolución acadou toda Hungría e non parará ata que consigamos os nosos obxectivos.*

*¿Lembras ao pai de Janka, o señor Kovacs? Morreu onte preto do Ferencváros por culpa dun disparo perdido. Xa non terá ocasión de ver a nova sociedade que imos construír. Janka está destrozada e a súa nai sofre unha crise nerviosa. O peor de todo isto son os que quedarán no camiño. Pódenos tocar a calquera de nós. Pero non te preocupes, cando menos o penses, un día, aparecerei en Viena para traerte de volta, e entón recordaremos estes días como o comezo dunha nova vida.*

*Bicos, moitos bicos. ¡Viva Hungría Libre!*

*Budapest, 29 de outubro de 1956*

*Meu amor:*

*Antonte soterramos ao pai de Janka. Viñeron veciños de todo o barrio e moitísimas persoas anónimas. É o pobo que honra aos seus mártires.*



*O señor Kovacs non era un combatente, non empuñou as armas, pero deu a vida pola nosa liberdade. Oxalá non sexa en van.*

*As rúas da cidade son un fervedoiro de persoas que van e veñen, de milicianos armados vixiantes. As forzas da tiranía aínda fan das súas e hai que estar alerta. Aínda o ambiente bélico, todo parece unha festa; todos somos irmáns, e demostramos os nosos sentimentos a cada momento. A pesares do balbordo, non se cometen delitos. Os chulos de Pest invadiron as rúas e as prazas de Buda, pero non para facer mal: tamén se unen ás milicias e combaten á par de nós. É increíble ver as vidreiras dos comercios rotas sen que ninguén leve nada. Sei que, aínda que viva cen anos, xamais volverei a vivir o ambiente fraterno destes días.*

*Onte mesmo falou György Lukács pola radio loando o arroxo da xuventude húngara e animándonos a seguir adiante nas nosas reivindicacións. Toda a intelectualidade do país está a apoiarnos.*

*Dise que moitos funcionarios seguen nos seus postos para funcionen os servicios máis esenciais, aínda que os comités convocaron unha folga xeral revolucionaria. Eu sigo a botar estas cartas no buzón, na esperanza de que cheguen ata ti, para que podas vivir, a pesar da distancia, este noso espertar. Pero sei que, igual que é posible que ti non leas estas liñas, aínda que ti me respondas será moi difícil que cheguen a min as túas cartas. Non me importa, teremos a ocasión de contárnolo ao oído, entre bicos.*

*Lémbrome de ti a cada instante. És a esperanza que me agarda ao final do combate, e nada disto tería sentido se non soubera que no outro cabo estarás ti.*

*Bicos.*

*Budapest, 3 de novembro de 1956*

*¡A Revolución triúnfala! O goberno de Nagy xa non nos considera contrarrevolucionarios, senón un “movemento democrático nacional”, ordenou o alto o fogo das forzas gobernamentais, acepta algunhas das reivindicacións da oposición, e xa decretaron o pluripartidismo. A radio proclama a noticia continuamente, as rúas son unha festa. As tropas soviéticas están a retirarse de Budapest e vai haber negociacións con Moscova para a retirada total de todo o país. Nagy proclamou a saída de Hungría do Pacto de Varsovia e a neutralidade do país. ¡Somos libres! Xa queda menos para que podamos reencontrarnos ti e máis eu nesta patria libre.*

*Agora son un soldado, xa que o goberno integrounos nunha nova milicia que vai substituír ao exército, e puxo á fronte a Pál Maléter, Béla Király e Sándor Kopácsi. Coa nova situación, a tranquilidade comeza a*



*chegar á rúa, aínda que circulan rumores de que os rusos están a agruparse para lanzar unha gran ofensiva. Os comités obreiros chaman aos traballadores de novo ao traballo, nós velamos pola seguridade pública, e grupos de voluntarios comezan a limpar os escombros da grande batalla de Budapest. ¡Que fermoso nos parece todo neste amencer! Esta nosa xeración respira por vez primeira aires de liberdade.*

*Se as cousas seguen así, procurarei por todos os medios viaxar ata Viena o antes posible. Quero verte. Quero bicarte e relatarche, outra vez, estes días gloriosos. Quérote.*

*Pál.*

*Budapest, 10 de novembro de 1956*

*Meu amor:*

*Estamos nunha terrible situación. Como xa saberías polos periódicos, a Revolución foi esmagada polos tanques rusos. Os rusos enganáronnos todo o tempo e só agardaban a ocasión para matarnos a ilusión. O día 3 descubriron as súas cartas e emboscaron á delegación que acudía a negociar a retirada de tropas. Na madrugada atacaron Budapest e, aínda que nos defendemos ata o último cartucho, axiña dominaron a cidade. Nagy anunciou o ataque pola radio e pediu axuda aos países*

*libres. Ninguén nos fixo caso. Entregáronnos aos rusos, deixáronnos á nosa propia sorte. Tivemos perdas horribles; por todas partes había cadáveres de patriotas que ninguén recollía. No meu grupo caeron máis de vinte compañeiros, algúns deles esmagados polas cadeas dos tanques rusos a pasar por riba das barricadas. Os invasores impuxeron a János Kádár, quen trata de negociar coas organizacións revolucionarias, pero aquí ninguén está pola labor de volver atrás e está convocada unha folga xeral. A xente aínda ten esperanzas, pero creo que estamos definitivamente derrotados. Os rusos deteñen ou fusilan a todos os homes armados que atopan polas rúas, polo que as milicias están desmanteladas e cada un busca o seu escape. Algúns de nós estamos a organizarnos en pequenos grupos guerrilleiros para seguir combatendo aos invasores. Non deixo de pensar en ti.*

*Bicos, moitos bicos.*

*Pál.*

Esta era a última dunha serie de misivas interrompidas, probablemente, por tráxicos sucesos. Non tiña moito sentido tentar adiviñar que pasou despois con, xa non tiña ningunha dúbida, Pál Kemény, o mesmo Pál Kemény que reaparecía case vinte anos despois na outra punta de Europa para asasinar ao marido da súa antiga amada. Aínda así, Susana



e eu pasamos o resto da noite tratando de atopar un fio continuador que enlazase ambas dúas épocas, que dera sentido ao conxunto de datos que tiñamos por entón. A primeira hora da mañá do día seguinte telefonei a Eliza Bárány. Ben sabía que pouco máis podería aportar, pero, quen sabe, quizais a embaixada me fose útil se algunha outra pista me abrise novos camiños. Mais o interese da traductora atinxía só ao valor histórico das cartas, que quería que doase a un instituto da Revolución Húngara. Díxenlle que non sabía se a súa lexítima propietaria vivía aínda, e que en todo caso debería ser ela a que tomase a decisión, pero se a embaixada me axudaba a atopala, eu tería verdadeiro interese en convencela. Quedamos en que faría as xestións precisas, aínda que sen moita esperanza, dado que para que a busca tivera éxito Zsófia Haraszty debía residir en Hungría ou ter pasaporte húngaro, e ambas dúas circunstancias se me antollaban improbables. Aquela mesma mañá pasei polo estudio de Carme para lle relatar o contido do resto das cartas.

-¿E ti, Xelís, que pensas? ¿Cómo remata a historia?

-Non sei, o único certo é que tivo outro capítulo ben trágico aquí, preto de nós. E entre os dous debe haber máis, e incluso despois, pero creo que vai ser imposible chegar a coñecelos.

-¿Entón? ¿Vas escribir igual a túa novela? Terás que inventar polo menos un final feliz.

-Non sei. Coido que non. Quizais non escriba xamais esta historia.



### III

Pese ás nosas declaracións de independencia e modernidade, Susana e eu acabamos casando ano e medio despois, e tardamos pouco en traer ao mundo unha preciosa nena á que lle chamamos Carme, como a súa aboa. Para conferirlle a súa propia identidade axiña se converteu en Carmiña, e nos seus dous primeiros apaixonantes anos de vida absorbeu toda a nosa atención. Por iso, a miña produción escrita resentíuse gravemente e o meu editor ameazou en varias ocasións, non sen motivo, con mandarme ao carallo. O feito de que Susana gañara suficiente diñeiro para permitírmonos un bo nivel de vida contribuíu tamén á miña preguiza. Só Carme, xa miña sogra, me lembraba continuamente a miña obriga.

-É unha pena desperdiciar un talento, calquera que sexa, -dicía. Tes unha boa historia botada a perder nunha gabeta e as súas personaxes non se merecen ese abandono.

Rematou por atopar o xeito de volver a interesarme non só polo meu oficio, senón tamén pola traxedia de Zsófia e Pál, agasallándonos con dous billetes de avión e unha reserva de hotel en Budapest. Así que aproveitamos un breve período de calma no estresante chollo de Susana e voamos a Hungría. Hai que dicir que os meus coñecementos sobre o país maxiar eran francamente limitados, e tampouco nunca escribira nada que

requirira unha exhaustiva documentación, así que non sabía nin por onde comezar.

Budapest son, en realidade, dúas cidades, Buda –a máis antiga e monumental- e Pest, máis moderna, separadas por un impresionante río Danubio e unidas por nove pontes. Como turistas típicos, visitamos os lugares onde supoño todo o mundo se fotografía na capital maxiar, o Bastión dos Pescadores, a Catedral, a Ponte das Cadeas, o Pazo Real, o Monumento a Gellert, e unha longa lista que pouco aportaba á miña pescuda, máis alá de bonitos decorados. A lista telefónica acollía a un número impresionante de Keménys e Harasztys, pero a nosa total ignorancia da lingua húngara se cadra faría difícil calquera busca razoable. Contratamos a unha simpática guía chamada Natália no mesmo hotel onde nos aloxabamos, pero a pesar dos seus esforzos pouco puido aportar á tarefa de documentarme. Chamou, de feito, aos Pál Kemény que puido atopar na guía de Budapest; marcaba e preguntaba, Pál Kemény, kérem? Cando o Pál Kemény de turno afirmaba, Natália ía directa ao gran, ¿coñece vostede a Zsófia Haraszty? Pero ningún deles tiña a máis mínima idea. Aínda así, axudoume a conseguir varios libros sobre a revolución de 1956, en inglés, e levounos aos lugares clave da insurrección: a Praza Bem, o Parlamento, a Pasaxe Corvin, a Praza Széna e outras localizacións nas que situei ao noso heroe revolucionario.



Aínda que regresei á casa cunha sensación de mans valeiras, axiña me atopei somerxido no abundante material histórico que recadara e apaixonado pola odisea do pobo húngaro na inesperada primavera de outubro de 1956. Pouco a pouco, con grandes doses de fantasía e dando prioridade ao romance sobre o para min difícil rigor histórico, fun elaborando unha pequena novela sen moitas dificultades ata 1973. Facíase-me difícil pasar do asasinato de Müeller ou, noutras palabras, non tiña un final convincente. A dicir verdade, non tiña final ningún. Susana, non sei se sen pretendelo, deulle un xiro ao problema.

-Xelís, cariño, ¿e que foi de Kemény logo de matar a Müeller? Como mínimo, debeu ser xulgado, ¿non?

¡O demo! a primeira pista comezaba e remataba nas dúas notas do xornal "A Noite", idénticas á do resto dos medios da cidade, e nos escasos recordos de Pepe, e logo, metidos de cheo na correspondencia dos namorados, ninguén reparou na segunda parte da historia. O difícil era saber por onde dar comezo á pescuda. Porque, imos ver: un home mata a outro, detéñeno, xúlgano e condénano. Pura lóxica na nosa sociedade. Logo entón, en algures debería quedar constancia escrita do proceso. Decidín acudir ao pazo de xustiza da cidade na procura de máis información, saber se era posible localizar a documentación do caso e, sobre todo, se podería ter acceso a ela. Dubidábao por pura intuición, sen saber grande cousa de

cómo funciona a maquinaria da xustiza. Unha voz familiar soaba na radio do automóbil, voz senil e ronca, con xiros de vello cabaleiro e expresións desfasadas. Subín o volume con curiosidade e escoitei un pouquiño da entrevista na que aquela coñecida voz respondía ás preguntas dunha xoven locutora. Polo seu contido, aquel home era un vello xornalista ao que lle ían entregar algunha medalla, placa, orde ou galardón. Pero a min aquela voz...

-¿E como comezou vostede nisto do xornalismo?

-Pois verá, señorita, eu entrei a formar parte da plantilla do Ideal o dezanove de marzo de mil novecentos vintecinco, á idade de catorce anos, como aprendiz de tipógrafo, xa que sabía ler e escribir perfectamente. Como tamén tiña unha boa cultura xeral, pois miña nai, unha gran señora, preocupouse sempre de que posuíramos unha adecuada instrucción a pesar da nosa modesta situación económica, axiña pasei de aprendiz á redacción, cun soldo de dúas pesetas, ao principio redactando as notas necrolóxicas, que por aquela época eran unha parte importante do xornal, e logo fun pasando por todas as seccións.

-E chegou a ser redactor xefe.

-Si, señorita, durante máis de vinte anos e ata que me xubilei, o día dous de maio de mil novecentos oitenta, despois de cincuenta e cinco anos de traballo.



-Ao longo de tantos anos de vida profesional coñecería centos de anécdotas da vida da cidade. ¡Ah, claro que si!, estiven presente en moitos dos acontecementos máis importantes que...

Despois de estacionar o automóbil preto do pazo de xustiza permanecín sentado prestando atención simultánea ao vixiante do estacionamento regulado, que paseaba preto, e á entrevista radiofónica, a ver se sabía a quen pertencía aquela voz...

-E cando están a punto de soar os sinais horarios das trece horas, que darán paso ao noso boletín informativo de ámbito nacional, despedimos a don Armando Chao, veterano xornalista que mañá recibirá a medalla de ouro do Colexio de...

¿Armando Chao? Pois así, de súpeto, non se me facía coñecido aquel nome, pero si a súa voz. Pero... ¡claro! Cando eu era neno, visitaba con frecuencia a nosa casa un home que traballaba no Ideal , e que era paisano da tía Xulia, e incluso creo que algo parente noso. Era un deses recordos totalmente esvaecidos na memoria que nun momento, zas, volven á mente aínda que sen moita nitidez. Para entón eu xa non escribía semanalmente para o Ideal, pois non soportaba a tiranía que a regularidade impón ao columnista, aínda que de cando en vez me pedían un par de folios para algún suplemento cultural, ou algunha crítica literaria. Tirei do peto da camisa o teléfono móbil e chamei a Moncho Vez, xefe do opinión na

veterana cabeceira e que tamén ostentaba algunha responsabilidade no Colexio de Xornalistas.

-¿Chao? Precisamente mañá lle damos unha homenaxe, home, ¿por que non te pasas e preséntocho? Xa verás, é unha magnífica persoa e seguro que lle encanta coñecerte. -Decidín deixar o pazo de xustiza para outra volta.

Ao solemne acto, celebrado no salón de actos dunha caixa de aforros, asistiron xornalistas, escritores, políticos e todo aquel que era ou tiña sido alguén na cidade. Pronunciáronse os discursos de rigor, laudatorios da figura e da traxectoria do homenaxeado e cando, á fin, el mesmo subiu ao estrado para ler unhas breves e emocionadas palabras, recoñecín naquela imponente masa corporal de traxe marrón castaño ao vello paisano da miña tía. Despois de que lle entregaran a medalla, que ao fin para iso montaran o tinglado, e antes de pasar ao cóctel, agardamos a que todas as persoas importantes felicitaran efusivamente ao protagonista. El mesmo se achegou a Moncho Vez, abrazándoo.

-¡Meu querido amigo!

-¿Como andamos, Chao?

-¡Fe-no-me-nal! -Logo dirixiuse a min, extendendome a man.

-¿Como está vostede? non sei se teño o gusto...



-Este é Xelis Alvariño, o escritor, que tiña moito interese en coñecerte.

-¿Alvariño? -A man de Armando Chao, que aínda non soltara a miña á espera dunha identidade, renovou con efusivo brío unha impresionante sacudida para un home de noventa anos. -¡Ti es o sobriño da Xulia! Choca, home. Xa sabía por ela que escribías, e lin algunha cousa túa, moi ben, por certo; as un gran escritor. Mágoa de Xulia pero, en fin, a vida é así.

A conversa do veterano xornalista era torrencial.

-¡Tes que virme ver un día a Cospeito e pasamos un cacho falando, que non te vexo dende que eras así.

-Precisamente, señor Chao...

-¡Nada de señor, home, que aínda temos algún parentesco!

-Pois, Armando, precisamente eu tamén quería falar contigo sobre o argumento da novela que estou a escribir, e...

-¡Non se fale máis! Se non hai outra cousa, o sábado ves comer á casa. Sacou unha tarxeta de visita con caracteres cursivos e entregouma xusto antes de volverme a axitar a man. -¡O sábado sen falta, eh! Agárdote.

Máis de cincuenta anos de xornalismo, en pleno século XX son, aínda dende a perspectiva dunha apartada cidade provinciana, unha fonte inesgotable de vivencias que fluían acompañadas de bo viño e abundante comida. Repasamos os anos da Segunda República, a Guerra Civil, a

mundial, a dictadura... A censura, particular manancial de anécdotas surreais, fora compañeira inseparable de Chao e de moitos outros compañeiros de profesión, dunha degradada profesión sometida ao capricho das turbias mentes dos censores, negros corvos a voar día tras día sobre as redaccións. Dende a súa xubilación, o vello redactor enchía de humanidade a antiga casa familiar emprazada nun alto próximo ás torres barrocas do camposanto da parroquia, e contemplaba tranquilo como o mundo seguía a xirar aínda que el xa non o contase día a día. Tampouco vivía do recordo, pero posuía unha impresionante memoria hemerográfica que, sen dúbida, lle tería sido de grande axuda na súa profesión. Contoume como, de cando en vez, chamaba á tía Xulia por teléfono e por esta vía recibía noticias de min, da miña convalecencia dun atropelo sufrido aos quince anos, dos meus estudos, das miñas primeiras publicacións. Sentira fondamente perder a unha boa amiga, e por elo tamén eu desaparecera da súa vista, a falta do noso único nexo.

-E ben, rapaz, ti non viñeches aquí a escoitar as batallas do vello; faláchesme do argumento dunha novela, ¿non?

Relateille o achado dos recortes de prensa sobre o caso Müller e o que puidera averiguar sobre o mesmo, pero omitín en principio o descubrimento da antiga correspondencia entre o asasino e a muller da vítima.



-Lembro perfectamente a Müller -dixo-, mala xente. Cando o mataron armouse un enorme rebumbio, xa que o alemán estaba ben situado. O primeiro día publicamos máis ou menos libremente a información sobre o suceso, pero despois recibimos ordes tallantes do Ministerio de Información para non remexer máis; eu creo que houbo un móbil político en todo aquilo e os tempos eran difíciles, aínda que a fin do réxime se vira próxima.

-¿Un móbil político? ¿Que móbil?

-¡Ah! Iso é outra canción. O tema estaba absolutamente prohibido e, por tanto, non insistimos máis, pero o feito de que apareceran na cidade as máximas xerarquías do réxime, e que tiveran un interese tan directo en que non se publicara nada máis, deunos a entender que no fondo había algún turbio asunto moi comprometido para a dictadura. Ademais, o asasino non foi xulgado, nunca se soubo para onde o levaron e ninguén volveu saber nada del.

-¿Non o xulgaron? ¿Como o sabe?

-Meu neno, aínda que non se puidera informar, o instinto xornalístico non deixa de traballar; a causa foi arquivada no xulgado ás poucas semanas, ¡así!

Chao chasqueou os dedos dando énfase á sorprendente conclusión do sumario.

-Esa forma de proceder, ¿era habitual na época?

-¡Non!, en absoluto. Por iso todos pensamos no móbil político. Hai un detalle... Müeller pasaba por ser un camisa vella da Falanxe, e presumía de ter participado na Guerra Civil. Probablemente era certo, pero os falanxistas non o tragaban, e incluso se rumoreaba que o seu pasado falanxista era unha impostura.

-¿E iso?

-Pepe Reboredo, que foi xefe dos talleres do Ideal e era un xoséantoniano de primeira liña, voluntario na Guerra Civil e na División Azul, dicía que Müeller estivera na nosa carnicería, pero non de voluntario senón como asesor; segundo Pepe, era oficial do exército alemán. É posible que quedara aquí como espía ou algo semellante. Á Coruña chegou en 1947, xa convertido en armador.

Todo aquilo confirmaba que era moi difícil atopar outro nexo de unión entre Müeller e Kemény que non fose Sofia Müeller, ou Zsófia Haraszty, pois eu xa tiña moi claro que eran a mesma persoa. Pregunteille a Chao se non cría posible un móbil pasional.

-¿Pasional? Non, non creo. Non se tomarían tantas molestias para agachalo.

-Pero a muller de Müeller, Sofia, houbo rumores que a relacionaron cun tal Carreras, empregado do marido.



-Si, ese rapaz aparecera morto a carón da Torre uns meses antes, pero non vexo que relación pode ter. O xulgado deu por boa a versión do accidente, e non houbo máis. Se mantiña relacións ou non coa muller de Müeller, iso habería que preguntarllo a ela, se aínda vive.

Chao permaneceu un momento en silencio, pensativo, e logo reaxiu:

-Vouche contar algo que quizais che axude; Müeller non saía xamais nas fotos. Nunca publicamos a súa imaxe. Decatámonos cando o mataron e buscamos no arquivo; non había nada. Aínda que adoitaba asistir a moitos actos sociais, xamais pousaba e permanecía en segundo plano. Sen embargo, o diario Pueblo si acompañou a noticia do asasinato cunha foto de Müeller recollendo creo que a medalla do mérito no traballo, un mes antes do crime.

-¿Un mes antes? -Aquela era unha información interesante- E, dígame, ¿aparecía a muller naquela foto?

-Non che podo dicir, pero se queres sabelo só tes que buscar un exemplar daquel día.

Se cadra era posible atar un cabo. ¿Volvería Kemény a ver á súa amada, tanto tempo despois, na protocolaria imaxe do Pueblo e, nun arrebatado de tolemia decidiu matar ao marido, obstáculo para recuperar o seu amor de sempre? Dende, logo, abríaseme unha fiestra para dar cabo á novela e, resolto o motivo principal da visita, abordei outro tema.

-Teño que facerche unha pregunta, Armando, ¿ti sabes quen foron meus pais?

-¿Teus pais, neno? Non. Non teño nin a máis mínima idea. Polo que sei, Xulia fíxose cargo de ti e recibiu unha importante cantidade de cartos, pero non sei máis. Ela xamais me contou nada. Tes que pensar que na época imperaba unha férrea moral, que quizais dende a perspectiva de hoxe non sodes quen de comprender. Que unha muller solteira quedara embarazada supoñía desgraciárlle a vida, e as familias con posibles procuraban solucionalo como podían. Xulia xa quedara para vestir santos e pode que o seu instinto maternal a levara a aceptar unha oferta deste tipo. Dime, ¿ti sabes algo máis?

-Non, non sei por onde empezar.

-Pois eu, filliño, non che podó axudar.

Volvín á Coruña con dúas ideas mesturadas no meu maxín: unha fotografía casual que me ía permitir dar un final á novela, e a certeza de que a miña ignorada orixe permanecería sempre así. Na casa, contemplando a Carmiña que durmía plácida matinei na crueldade dunha sociedade que estigmatizaba a maternidade ilexítima, quizais máis chea de amor que a legal, e condenaba a inocentes recién nados á maior das penas, o seu propio descoñecemento, o exilio forzado dos brazos da nai. Unha traxedia dobre, con seguridade, ao pensar nunha nai separada para sempre



dunha parte de si mesma, lembrando a cada intre o fillo furtado e entregado a unha estraña. ¿Sabería ela de min? ¡E pensar que esas cousas sucedían hai tan só trinta anos! Ao verme pensativo a carón da cama de Carmiña, Susana adiviñou que a parte máis persoal da miña busca non obtivera resposta algunha e apertoume, en silencio, durante un longo tempo.

-Non importa, Xelís. Tiveches unha nai á que chamabas tía, que nunca te abandonou. Non precisas máis.

#### IV

A fotografía publicada o 15 de agosto de 1973 no diario Pueblo mostraba a un home alto pero obeso, calvo e ridículo embutido no chaqué cerimonial, chocando a man do ministro de traballo. Ao carón, outros homes de chaqué e nada máis. Sofia Müeller non aparecía na fotografía e isto debería ser o agardado, xa que todas as testemuñas coincidían en que marchara con anterioridade da cidade. Sen embargo, ata ver a foto eu tiña certa esperanza en descubri-la entre os estirados xerarcas, xa que deste xeito daría forza ao argumento que xa tiña case decidido: Kemény descubre a Zsófia no xornal despois de dezasete anos e fai o imposible por reunirse con ela. A muller, que sofre a tiranía brutal dun marido ao que non quere, que a maltrata e a ningunea, abre o seu corazón diante do antigo amor; este, cheo de carraxe, decide liberala do martirio e, nunha calorosa tarde de verán dispara contra Müeller. Detido e encarcerado, ante a perspectiva dunha longa condena, aproveita un traslado ao pazo de xustiza e tenta fuxir para reunirse coa amada, pero o disparo certo dun garda civil acaba coa súa vida. Sofia, destrozada, abandona o país e regresa a Austria, onde xa só vivirá do recordo.

Susana foi a primeira lectora e crítica do orixinal xa rematado desta triste maneira, e quedou entusiasmada co resultado. Quizais, porque a



xénese do texto correra parella á nosa vida común. Eu, sen embargo, aínda que emocionalmente vencellado aos protagonistas, non estaba satisfeito e atopaba varias trampas no argumento que, aos meus ollos, diminuían a calidade literaria da novela. Carme reforzou a miña autoestima:

-non digas bobadas, é unha obra moi boa e tes que publicala axiña, ¿tes editor?

Si o tiña, aínda que na altura a nosa relación era tormentosa. Pero aledouse de ver por fin, despois de tanto tempo, un orixinal meu enriba da súa mesa. Carme insistiu en que debería escribir unha versión en castelán, que colocou por medio dun axente amigo nunha importante editorial catalana. A novela saíu, case ao mesmo tempo, nos dous idiomas e, por suposto, cos nomes dos protagonistas cambiados. Ao ter nas miñas mans un exemplar de *Cartas dende Budapest* que aínda recendía ao cheiro da imprenta, coidei pechada unha etapa da vida que iniciara aquela tarde remexendo na casa da tía Xulia. Sen embargo, a mercadotecnia dos cataláns era moito maior que aquela á que estaba afeito, e durante meses percorrín toda España presentando, dando charlas, asinando exemplares e contestando ás mesmas preguntas en dúcias de emisoras de radio e xornais. A obra acadou, así, unhas vendas máis que discretas, facéndome subir algún chanzo no panorama literario estatal e saneando momentaneamente a nosa economía, aínda máis cando o axente amigo de Carme conseguiu

vender os dereitos de traducción ao francés e ao alemán a un potente grupo editorial. Tanto éxito tiña a súa cara menos agradable na insistencia de todo o mundo en que debería escribir con máis regularidade. Entraba pola porta grande na produción industrial de literatura lixeira. Debía empezar a planificar a miña desordenada forma de escribir e fixarme obxectivos: tantas páxinas ao día, tantos capítulos ao mes, unha novela ao ano. A obriga pesábame como unha lousa ata o punto de crer que estaba nos comezos dunha crise depresiva.

Ás editoriais non se lles escapa calquera aspecto do negocio que poda aumentar o número de exemplares vendidos, calquera ferramenta de mercado que atrape lectores e os fidelice aos autores, para así asegurar un número mínimo de vendas para próximas obras. Unha desas armas de seducción para min máis odiosas era o contacto cos lectores a través do correo electrónico. Os cataláns empeñáronse en abrirme un enderezo que axiña se encheu de mensaxes. Por pura preguiza, deixaba sen mirar o correo durante semanas enteiras para descubrir, cando á fin xuntaba forzas para cumprir coa obriga, que o buzón estaba tan cheo que me sería imposible ler todo aquilo, e menos aínda contestar a unha pequena, aínda que mínima parte. Na parte máis retorta do meu maxín desexaba que, en vista da total falta de atención, deixaran de escribirme. Pero, un día, pasando unha ollada fugaz pola fiestra do programa de correo, detívenme



nun enderezo, [kemeny@dkd.at](mailto:kemeny@dkd.at) ¡Kemény! Abrín a mensaxe inmediatamente. Estaba escrita en castelán.

*Estimado señor Alvariño:*

*Acabo de ler a súa novela *Cartas dende Budapest*, na súa traducción alemana, e isto motivou que desexara poñerme en contacto con vostede, polo que solicitei o seu e\_mail á editorial.*

*Vostede non me coñece, pero creo que o meu nome non lle é descoñecido. Chámome Sofia Kemény. Se é así, entón é que estou no certo e a historia que narra na súa novela está baseada en sucesos ocorridos no seo da miña familia. Rogaríalle me contestara para poder manter unha conversa con vostede. Afectuosamente súa, S.K.*

-¡Sofia Kemény! ¡Susana, acabo de recibir un correo de Sofia Kemény! Susana acudiu ao estudio e leu a mensaxe na pantalla do ordenador.

-Vaia, ¿quen pode ser? Contéstalle, a ver que pasa.

Dispuxen unha nova mensaxe e púxenme a escribir:

*Querida amiga Sofía,*

*Causoume unha total sorpresa recibir o seu correo. Efectivamente, se vostede ten algunha relación con Pál Kemény, podó dicirlle que baixo*

*os nomes supostos dos protagonistas de Cartas dende Budapest se agachan tanto Pál como Zsófia Haraszty, a quen tamén coñezo como Sofia Müller. De todas formas, vostede saberá de moitos capítulos da historia aos que eu, que contei cunha moi escasa documentación, non puiden acceder. Por iso, nada me gustaría máis que poder falar con vostede, aínda que prefiro facelo persoalmente, onde vostede desexe.*

*Atentamente, Xelís Alvariño*

A resposta de Sofia Kemény demorou unha semana, na que a miña excitación foi aumentando. En verdade fíxoseme un tempo eterno. A chave que posiblemente abría de par en par as portas da historia estaba ao alcance da man. ¿E quen sería Zsófia Kemény? ¿Unha irmá de Pál, unha filla á que, romanticamente, dera o nome da amada perdida?:

*Estimado señor Alvariño:*

*Desculpe o meu atraso en contestar ao seu atento correo, debido a múltiples compromisos profesionais. Aledoume moitísimo confirmar a miña sospeita de que Cartas dende Budapest estaba baseada nas vidas dos meus pais, e eu tamén desexo moitísimo falar con vostede, xa que seguro tamén disporá de información que eu descoñezo.*



*Por cuestións de traballo teño previsto estar Madrid no próximo mes, e creo que vostede reside na Coruña, así que non me importará visitalo na súa casa. Se é así, por favor, envieme confirmación e en canto poda dareille a data da miña chegada.*

*Afectuosamente súa, S.K.*

## V

Agardabamos impacientes na sala de chegadas do Aeroporto a que saíran os pasaxeiros do voo das nove da mañá de Madrid. Susana calmaba o meu nerviosismo coa súa serenidade, tranquilo, Xelís. Pensei que deberíamos ter levado un cartel co nome de Sofia para localizala, xa que non nos coñeciamos, pero Susana dicía que non era preciso. E non o foi. A edición alemana de *Cartas dende Budapest* levaba na contracapa unha fotografía do autor, e Sofia Kemény, alta e espigada, loira de cabelos longos, avanzou cara a nós sen dúbida algunha, estendendo a man:

-¿Señor Alvariano?

-Si, ¿Sofia? ¡Encantado de coñecerte! Por favor, chámame Xelís, ela é Susana, a miña muller.

Sofia falaba un castelán bastante bo, con moito acento alemán, arrastrando os erres de forma tónica.

-Tiña moitas gañas de coñecerte, Xelís.

Pillamos o coche e, de camiño á casa, ocorréuselle a Susana convidar a café nun local do centro da cidade. Alí comezamos a conversa.

-Merquei *Cartas dende Budapest* de casualidade, xa que recoñezo que non son boa lectora de ficción. A portada da edición alemana está ilustrada cunha fotografía da estatua de Stalin derrubada pola multitude en Budapest, e iso foi o que me chamou a atención. Lin a novela case dun



tirón, cada vez máis sorprendida da coincidencia entre a historia dos protagonistas e a de meus pais.

-¿Teus pais, Sofia?

-Si, eu son filla de Pál e Zsófia Kemény, de solteira Haraszty.

Aquelo dáballo un xiro radical á narración e convertía en pura ficción o final da novela. Sofia Kemény debía ter vinteseis ou vinteseite anos e, por tanto, Pál e Zsófia estiveran xuntos despois do asasinato de Müeller.

-Meus pais falaban ás veces da época da revolución, e das cartas que el enviaba dende Budapest. A familia de miña nai estaba exiliada en Austria, xa que o meu avó, Imre Haraszty, ocupara un alto cargo no goberno títere dependente dos nazis. Ela estudiaba, interna, nun colexio de Viena, e xamais recibiu ningunha daquelas cartas, que a directora do colexio remitía á familia. Non foi ata a morte da súa nai cando atopou a correspondencia na casa familiar, descubriendo que o que cría amante ingrato non se esquecera dela e só lle fora ocultado pola súa familia. Para entón xa era demasiado tarde, Zsófia estaba casada cun brutal alemán que lle dobraba a idade. Müeller, que vivía en España, tiña non sei por que unha estreita relación co avó Imre, e a familia presionou á miña nai, pouco máis ca unha adolescente, para que aquela voda se celebrase. O matrimonio foi un auténtico desastre. Müeller maltratava a miña nai, incluso empregando a

violencia física, ata que non puido máis e abandonouno, regresando a Austria.

-Iso, dixen eu, foi uns meses antes do crime, ¿non?

-Si, pouco antes. Residía temporalmente en Viena, na casa dunha amiga, e alí foi onde a avisaron as autoridades españolas. Regresou aquí para o enterro e entón recibiu a terrible nova, ¡Pál Kemény!, o asasino era o antigo amor da adolescencia que volvía a aparecer, dun xeito tan trágico, na súa vida. Por suposto, o primeiro que pensou foi que Pál, dalgunha estraña maneira, chegara ao coñecemento dos maltratos que Müeller lle propinaba e decidira vingala matándoo. A mesma conclusión á que ti chegas na novela. As autoridades españolas sorprendéronse de que a esposa da vítima tivera tanto interese en falar co asasino, pero non llo permitiron. Pál, mentres tanto, descoñecía que acababa de matar ao marido de Zsófia Haraszty.

-Entón -preguntou Susana, intrigada- ¿non foi un crime por amor?

- Non, iso é a parte máis sorprendente da historia. -Sofia Kemény buscou nun portafolios gris unha carpeta de cartolina que contiña unha presa de folios. Está en alemán, dixo. Irei traducindo:

*A quen poda interesar:*

*Chámome Pál Kemény. Do primeiro estou completamente seguro, pois recordo como miña nai me chamaba cariñosamente para comer cando*



xogaba ao pe da porta da casa. Non teño a mesma certeza sobre o meu apelido. Nacín creo que no mil novecentos trinta e oito, pero isto tampouco é posible establecelo con seguridade, xa que os rexistros desapareceron durante a Guerra. Vin ao mundo nunha pequena aldea próxima a Dunaújváros da que non queda memoria nin recordo algún, no seo dunha familia de labregos. Lembro a miña nai, Flóra, a meu pai, Egon, e aos meus irmáns, Ivó, György, Emilia e Amália. Ás veces regresan aos meus soños sorríndome dende o alto do cerro que dominaba a casa, e no meu recordo viven tan nítidos como entón, aínda que xa pasou tanto tempo.

Estabamos afeitos a ver soldados a pasar pola aldea, e un día os soldados levaban outro uniforme, gris, e cascos de aceiro. Despois souben que eran os alemáns, que acababan de invadir o noso país. Non é doado para min volver a recordar todo aquilo. A lembranza daquela tarde quedou gravada con lume na miña mente e volve continuamente, atormentándome. Eu xogaba na cociña cun carriño de madeira que meu pai fixo cunha pequena navalla. Mamá entrou á presa, colleume polos brazos e meteume na alacena onde se gardaban os pratos. Díxome, meu neno, por favor, non te movas, non digas nada, e bicoume. A través dun burato na madeira vin como entraban os soldados grises berrando moi forte e apuntando a todos coas metralletas. Durante un tempo que se fixo infinito violaron a miña nai e ás miñas irmás, mallaron en meu pai ata

matalo e, ao final, ametrallaron a Ivó, György, Emilia e Amália. E tamén a mamá. Penso que é imposible chegar a sufrir máis do que eu sufrín naquela terrible tarde. Non me atrevín a saír do meu agocho ata moitas horas despois de que marcharon os alemáns. Atordado, tropezando nos corpos dos meus seres queridos, alcancei a porta e saín correndo en busca de axuda. Polos carreiros da aldea xacían moitos cadáveres. Non había ninguén con vida. Sentín voces alegres e corrín cara a elas. Eran os soldados grises, que bebían e comían a carón da igrexa que ardía. Un deles, alto e goso, daba ordes e os demais cadrábanse e dicían, Ja bohl, mein comandant. Xamais esquecín a cara daquel criminal. Tremendo co medo comecei a andar pola estrada, vagando sen rumbo. Moitas máis persoas andaban como pantasma co horror escrito nas caras. Non sei canto tempo pasei a andar, horrorizado e famento. Ninguén reparou nun neno de seis anos no medio da riada de xente que trataba de fuxir dos alemáns. Debín desfalecer en algún momento, e recupereime nun albergue provisional en Pest. Alí estiven ata o final da guerra, e logo fun para a casa dos Kemény. Eles sempre me dixeron que eran os meus tíos da cidade, pero nunca crin que fose certo. De todos xeitos, foron a única familia que tiven.

*A matanza da miña aldea converteuse en historia do martirio húngaro. Os libros din que unha compañía da Wehrmacht, en vinganza*



*pola morte de dous soldados alemáns nunha emboscada, asasinou a todos os habitantes. A min non me mataron. O criminal ao mando da operación, un comandante chamado Walter Murtau, xamais foi capturado. Pesaba sobre el a acusación de criminal de guerra.*

*En Budapest puideron rematar os meus estudos secundarios e acceder á Universidade Politécnica para estudar enxeñería industrial. Ese verán do ano 1956 en que me admitiron foi a época máis feliz. Facíase realidade o meu maior desexo e coñecín á muller da miña vida, Zsófia. Ela era filla de exiliados e viñera pasar o verán á casa duns parentes, baixo falsa identidade austríaca. Os seus pais non querían que esquecera o idioma nin se alleara do país onde nacera á vida. Vivimos un intenso romance que nos marcou para sempre e a despedida, ao final do verán, foi triste, aínda que ningún de nós intuía que tardaríamos moitos anos en volvernos a ver.*

*No mes de outubro a situación política de Hungría deu lugar a históricos acontecementos. Fomos os estudantes os primeiros en manifestarnos en torno á estatua do heroe Bem, e a partir de aí desencadeouse a insurrección. Participei activamente e incluso estiven encadrado nas milicias formadas para conservar a recén recuperada independencia. Pero o día catro de novembro os tanques soviéticos frustraron todas as esperanzas do noso pobo. Eu permanecín no país mentres János Kádár xogaba o dobre xogo de atraer aos revolucionarios*

*en tanto actuaba ás ordes dos rusos. Cando comezou a represión, fuxín cara a Austria xunto con ducias de miles de húngaros frustrados. Internáronme nun dos campos de refuxiados que montou o goberno austríaco preto da fronteira, do que non puideron escapar para chegar a Viena e reunirme con Zsófia. A mala conciencia das potencias occidentais, que non responderon á chamada de auxilio do noso pobo sucumbindo ao invasor, obrigounas a dar unha solución ao problema dos refuxiados. Repartíronos por varios países, Estados Unidos, Alemaña, Austria. A min enviáronme a Francia. Dende alí, durante varios anos tratei por todos os medios de localizar a Zsófia, sen o menor resultado. Francia deume unha oportunidade, puideron seguir estudando e rematar a carreira, pasando a traballar na Citroën. En 1971 destináronme a España, á fábrica da empresa en Vigo, para traballar na produción do modelo GS. Vivía ben nunha cidade tranquila, pero sempre atormentado polos recordos. Papá, mamá, Ivó, György, Emilia e Amália; Zsófia; a derrota da Revolución...*

*No mes de xullo de 1973 a lectura casual dunha información nun xornal español deu outro xiro inesperado á miña vida. Alí estaba o criminal de uniforme azul que mandaba as tropas que masacraron a miña aldea, o asasino que me furtou unha parte de min. Recibía unha condecoración da dictadura española. O comandante Walter Murtau facíase chamar Tomas Müller e vivía feliz en España. Viaxei*



*inmediatamente a Viena para poñerme en contacto co Centro Simon Wiesenthal e denunciar ao criminal, buscado en Hungría por crimes contra a humanidade. Pero, para o meu desespero, os cazanazis coñecían perfectamente a situación de Murtau, protexido do réxime de Franco ao igual que Leon Degrelle e outros xerarcas nazis. Non había nada que facer. Eu era o único sobrevivente da matanza e considereime na obriga de vingar aos meus, de non deixar impune o atroz asasinato de ducias de homes, mulleres e nenos; de papá, mamá, Ivó, György, Emilia e Amália.*

*De volta en Vigo, un compañeiro da fábrica conseguíume unha arma en Portugal. Viaxei á Coruña en varias ocasións para localizar a Murtau, seguir os seus pasos e atopar o momento adecuado para levar a cabo a vinganza. En todo ese tempo non tiven a máis mínima dúbida, nin unha soa vez tiven a tentación de volverme atrás. Unha tarde de agosto seguín ao asasino por un parque, achegueime a el, chameino polo seu nome ¡Murtau! e, cando deu a volta, disparei apuntando á cabeza. Aquel corpo inmenso caeu fulminado e quedei un instante ollándoo, cunha estraña sensación de liberación interior. Cando me decatei de que a xente berraba ao redor de min, saín correndo e tomei o automóbil despois de arroxar a arma a unha papeleira. Non sabía cara a onde ía, ata que varios coches de policía me detiveron. Agora xa nada me importaba.*

Unha bágoa escorría pola meixela de Sofia Kemény cando acabou de ler a confesión do seu pai. Ao fin, o asasinato de Müeller era a vinganza dunha vítima do horror nazi e, por esas estrañas coincidencias que xalonaban toda a historia, atopaba o seu vello amor na muller da vítima.

-Sofia, por favor, ¿que sucedeu despois? ¿como se volveron a reunir os teus pais?

-As autoridades españolas atopáronse envoltas nun tremendo lío. Se xulgaban a papá recoñecerían que daban acubillo a un criminal de guerra nazi que, por riba, era un importante persoeiro do réxime. Así que, ás poucas semanas, metérono nun avión con destino a París coa advertencia de que non se lle ocorrera volver a España. A mamá non lle deixaron visitalo mentres o tiveron detido, e tampouco a informaron de que o expulsaran. Contáronlle, iso si, que o móbil do crime fora político, relatáronlle a historia que papá lles contara a eles. Así soubo como a traxedia se presentaba recorrente nas súas vidas, aliada coa casualidade. Non quixo aguantar que o destino os separase outra vez, e contratou unha axencia suíza de detectives para localizalo. Xa non volveron a separarse. Recuperaron todo o tempo perdido e amáronse intensamente, viviron a vida como se cada minuto fose o último.

-¿E agora, onde están?

A tristura asomou aos ollos de Sofia.



-Morreron os dous o ano pasado nun accidente de automóbil. Ían camiño de Budapest, a onde acudían todos os veráns despois da chegada da democracia para revivir aquel verán de 1956.

Pensei que, se tivese a tempo a sorte de dar co paradiro de Zsófia e Pál podería telos coñecido. Para min eran xa unha referencia moi próxima, moito máis alá dos personaxes nos que basear un relato. Ademais, habería partes da historia que probablemente nin a súa filla coñecía, e que para min tiñan gran interese. Ela permaneceu dous días connosco, visitando a cidade pero sen mostrar particular interese polos lugares onde a súa nai fora tan infeliz. Estivemos nos Cantóns, no lugar do crime, na antiga prisión provincial onde tiveran a Pál inmediatamente despois. Levámola ao estudio de Carme, que fora o refuxio de Zsófia. A nai de Susana escoitou o que sabiamos con vivo interese, e cando quixo foi directa ao gran:

-Sofía, ¿a túa nai tiña costume de escribir diarios?

-Si, ¿por que?

A mirada de Susana deume a entender que tamén comprendía por onde ía a pregunta.

-Verás, na novela, Xelís introduce unha trama, un mozo que chega á cidade para traballar nas empresas de Müeller, e con quen o personaxe de túa nai vive un romance. Parece foi moi posible que na realidade sucedera

algo semellante. É máis, foi un rumor moi estendido pola cidade, e o protagonista apareceu morto en estrañas circunstancias ¿Ti sabes algo?

Sofia ollou un momento para min, sen dicir nada, cunha expresión difícil de interpretar, e logo concluíu:

-Non, non sei nada.

Prometeu volver algunha vez, con máis tempo, e sabiamos que o faría, pois naqueles dous días naceu unha sincera amizade entre nós. Tamén quedamos convidados para visitala na súa casa e coñecer os escenarios do último acto da vida de Zsófia e Pál Kemény.



## VI

O noso segundo fillo naceu hai oito meses. Chámase Alexandre. Susana estaba verdadeiramente feliz e as cousas marchaban marabillosamente. Atrás quedaba toda unha historia vivida intensamente e da que, ao final, só parecía ficar un bo argumento novelístico que, de paso, contribuíra ao meu despegue literario. Quince días despois do nacemento de Alexandre estaba só, sen Susana, que ficaba na Coruña por razóns obvias, na Feira do Libro de Barcelona presentando unha nova obra, *Señor censor*, un conxunto de relatos baseados na longa experiencia xornalística de Armando Chao, con quen pasara case un mes para recoller as súas vivencias. O teléfono móbil soou no medio dunha entrevista para unha televisión local, era Susana:

-Xelís, acaba de chegar unha carta de Sofia Kemény, creo que é mellor que a leas axiña, ¿tes a man un número de fax?

Saín á presa cara o pavillón da miña editorial a ver se tiñan o aparello, e volví a chamar a Susana para darlle o número.

-¿Pero pasa algo?

-Xa o verás, por favor, chámame despois de que a leas.

As follas foron saíndo lentamente.

*Graz, 1 de outubro de 2002*

*Xelís e Susana Alvariño*

*A Coruña*

*Queridos amigos:*

*Despois de reflexionar acerca de se debería ou non violar a intimidade da miña nai, crin que a ela non lle importaría se soubera quen son os destinatarios da información.*

*Cando a vosa nai, Carme, me preguntou se sabía algo acerca dun posible romance de Zsófia cun xoven empregado, comprendín que a pregunta comportaba algo máis que mera curiosidade. Ben, é certo. Miña nai relata no seu diario como se namorou de David Carreras, algo máis novo ca ela, e como atopou nel unha vía de escape a tanta brutalidade como sufría. Os dous amantes viviron uns meses de plena felicidade, pero nunha cidade pequena é imposible agochar un segredo como este, e axiña comezaron a circular rumores. Zsófia escribe preocupada, non por ela mesma, senón porque sabe a sorte que pode correr o seu namorado se Müeller descubre o romance, ata que un día recibe a terrible noticia do desenlace. Ela non ten a máis mínima dúbida de que a man do marido está detrás da morte de David, e horrorizada decide fuxir a Austria.*



*Ao pouco tempo soubo que estaba encinta, e tratou de levar o embarazo con discreción, consciente do perigo que corrían ela e máis o neno que agardaba se Müeller daba con ela e o descubría. Deu a luz en febreiro de 1973 nunha pequena clínica suíza. Ese foi un día nefasto para ela. Xamais viu ao seu pequeno. Os médicos dixéronlle que nacera morto, e o mesmo día Müeller apareceu na habitación, ofrecéndolle o seu perdón e o esquecemento se regresaba con el. Sufriu unha crise nerviosa e debeu permanecer hospitalizada case un mes máis, durante o que Müeller a seguiu acosando. A finais de febreiro, el regresou a España e Zsófia aproveitou para fuxir, definitivamente, refuxiándose na casa dunha amiga en Viena. Alí recibiu a noticia do asasinato. A perda do seu fillo foi un duro golpe, outro máis a sumar nunha vida chea de insatisfacción. Pero, a pesares de que nunca atopou ningunha proba, sempre pensou que lle roubaran o pequeno e vivía, alleo a todo, en algures. Eu tamén o penso e, non me digas por que, teño a intuición de que ti, Xelís, tes algo que ver na historia..*

*Moitos bicos. S.K.*

¿Sería posible que eu fose o fillo de Zsófia e Carreras? Chamei de novo a Susana.

-¿Ti que pensas?

-Xelís, creo que hai moitísimas posibilidades e se, como parece, Sofia está interesada en sabelo, hai unha maneira moi doada de esclarecelo.

-¿A proba do A.D.N.?

-¿Por que non?

Cando collín o teléfono para chamar a Austria estaba moi nervioso. Aínda que parecía bastante claro que Sofia tamén quería aclarar aquel último enigma, quizais consideraría un atrevemento a proposta. Se cadra, tan só pensaba que eu sabía máis do que contaba, e ao mellor nin se lle pasaba polo maxín que houbera algunha posibilidade de que puidera ser eu o elo perdido. Pensándoo ben, nin sequera lle contara a miña historia. A penas faláramos nunca de nós mesmos, e ela non sabía que me criei sen pais, ao coidado da miña suposta tía. Así que, ¿por que había de relacionarme a min co neno roubado de Zsófia? Pero os meus temores axiña se esvaeceron. Accedeu de contado a facerse a proba, e pedíume que fose eu o que acudira onde ela.

Viáxamos a Austria e aloxámonos un par de semanas na fogar dos Kemény, unha típica casa de campo nunha vila próxima a Graz, na Estiria, mentres agardabamos os resultados. Para nós foi unha experiencia emocionante vivir as paisaxes onde Zsófia e Pál, por fin, atoparan xuntos a felicidade. Por primeira vez puidemos ver as imaxes dos dous, nas fotografías que abondaban por toda a casa. Ela era unha muller de gran



beleza, rostro enigmático e rizos cabelos claros. Sempre mostraba un simpático sorriso, e os seus ollos eran doces. Pál, de corpo espigado, presentaba unha expresión seria e trazos secos e afiados. As últimas fotografías mostrábanos sempre xuntos, ditosos de estalo, gozando da vida sen preocupacións.

As análises deron un alto grao de compatibilidade xenética entre Sofia e máis eu polo que, cun ínfimo marxe de erro, demostrábase que eramos fillos da mesma nai. E así, dun xeito tan doado, pechamos o círculo aberto nunha pequena poboación húngara durante a ocupación alemana. Antes de volver á casa visitamos con Sofia o pequeno cemiterio do pobo para poñer un ramo de rosas na sinxela tumba de Pál Kemény e Zsófia Haraszty, miña nai.

Viszontlátásra, anya.